



a linguaxe de

ARGEN

LINGUAXE MUSICAL 1º GP

**IRIA PORTAS
MARCOS PADRÓN**

Índice

1. Introducción

1.1. Destinatarios

1.2. Breve resumo

1.3. Fundamentación legal

2. Competencias clave

3. Obxectivos

3.1. Xerais

3.2. Específicos da materia

4. Contidos

5. Metodoloxía

5.1. Modelo metodolóxico

5.2. Atención a diversidade

5.3. Promoción da convivencia

5.4. Aspectos técnicos

6. Avaliación

6.1. Criterios de avaliación

6.2. Proceso de avaliación

7. UDI desenvolvidas

1. Introducción

1.1. Destinatarios

Área: Linguaxe Musical

Curso: 1º Grao Profesional

1.2. Breve resumo

O proxecto “**A LINGUAXE DE ARGEN, 1º G.P.**”, está formado por 10 UD que nos permitirán alcanzar todos os obxectivos e traballar todos os contidos da materia de Linguaxe Musical para o 1º Grao Profesional (establecidos no Decreto 203/2007), a través do traballo de cada unha das destrezas (teoría, ritmo, entoación e audición), con explicacións e exercicios prácticos, con partituras axeitadas ao nivel e vídeos e audios para apoiar o estudo.

1.3. Fundamentación legal

O proxecto baséase na Lei de Educación vixente :

- ◆ **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- ◆ **Decreto 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Competencias clave

Este proxecto permitirá ao noso alumnado, ademais da adquisición de coñecementos específicos do Linguaxe musical, o desenvolvemento de competencias clave, imprescindibles no proceso de aprendizaxe e formación.

<p>COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Adquirir as ferramentas necesarias para coñecer e saber empregar a linguaxe musical. ● Coñecer e saber empregar a linguaxe musical: os seus signos, indicacións, escritura, etc. ● Comprender e saber interpretar a linguaxe musical ● Comprender que o estudo dos elementos da linguaxe musical facilitaranos a interpretación da música así como a súa escoita.
<p>COMPETENCIA MATEMÁTICA. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Empregar ferramentas matemáticas para a comprensión de conceptos musicais, como o cifrado, os intervalos, etc.). ● Exercitar a audición e a interpretación de melodías que lles

E NA INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO. (CM.CCIF)	permita comprender o fenómeno sonoro.
TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E A COMPETENCIA DIXITAL. (CCID)	<ul style="list-style-type: none"> ● Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación a través de aplicacións informáticas que permiten o desenvolvemento de todos os contidos da materia.
COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER. (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> ● Desenvolver o traballo de maneira autónoma e conseguir pautas que lle axuden a asimilar e interiorizar conceptos importantes da materia, así como fomentar o seu gusto pola música.
COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ. (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> ● Crear un entorno de convivencia e cooperación a través das actividades en grupo, incluíndo ao alumnado con necesidades educativas especiais. ● Respeitar o traballo de todos os compañeiros/as.
COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL. (CAIP)	<ul style="list-style-type: none"> ● Desenvolver a creatividade, a autoestima, a responsabilidade, o traballo en grupo, entre outros, que lle proporcionen unha parte imprescindible da súa educación, non só musical.
COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA. (CCA)	<ul style="list-style-type: none"> ● Coñecer a riqueza cultural e artística de diferentes momentos da historia, a través de compositores e as súas obras. ● Recoñecer a importancia da aprendizaxe dunha linguaxe para poder comprender mellor unha corrente artística como é a música.

3. Obxectivos

3.1. Obxectivos xerais

Os seguintes obxectivos son aqueles que se adaptan a este proxecto, extraídos do decreto correspondente:

- Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3.2. Obxectivos específicos da materia

- a) Compartir vivencias musicais cos demais elementos do grupo que lle permita enriquecer a súa relación afectiva coa música a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- b) Coñecer os elementos da linguaxe musical e a súa evolución histórica, para relacionalos coas obras musicais dentro do seu tempo e a súa circunstancia.
- c) Interpretar correctamente os símbolos gráficos e coñecer os que son propios da linguaxe musical contemporánea.
- d) Utilizar a disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos.
- e) Recoñecer e representar graficamente obras, fragmentos musicais a unha ou dúas voces realizadas con diferentes instrumentos.
- f) Recoñecer, a través da audición e da lectura, estruturas harmónicas básicas.
- g) Utilizar os coñecementos sobre a linguaxe musical para afianzar e desenvolver hábitos de estudo que propicien unha interpretación consciente.
- h) Coñecer os elementos da linguaxe musical relativos ao jazz e á música moderna.

4. **Contidos**

Os contidos que se traballan no proxecto están extraídos do *Decreto 203/2007*:

TEÓRICOS

- ◆ Intervalos:
 - Definición e elementos.
 - Clasificación e inversión: simples e compostos.
 - Enharmonías.
- ◆ Tonalidade:
 - O círculo de 5ª.
 - Armaduras.
 - Relativos.
 - Graos tonais e modais.
- ◆ Modulación:
 - Flexión.
 - Elementos.
 - Tonalidades veciñas.

- ◆ **Acordes:**
 - Acordes tríadas: perfecto maior, perfecto menor, 5ª aumentada, 5ª diminuída. Inversións.
 - Acordes cuatrías: acorde de 7ª de dominante. Inversións.
 - Cifrado harmónico e americano.
 - Notas estrañas: nota de paso, floreo, apoiatura, retardo, anticipación e escapada.
- ◆ **Modalidade:**
 - Escalas maiores e menores: diatónicas mixtas, hispano árabe, menor húngara.
 - Pentatónicas ou pentáfonas: maior, menor e Hirajoshi.
 - Hexátonas: blues maior e menor e tons enteiros.
 - Escalas cromáticas.
- ◆ **Modos:**
 - Modos gregorianos ou eclesiásticos.
 - Modos de sete notas naturais.
- ◆ **A forma musical:**
 - A frase e elementos.
 - Cadencias conclusivas e suspensivas.
 - Células rítmicas de inicio e final de frase.
- ◆ **Notas de adorno:**
 - Apoiatura: realización e tipos.
 - Mordente: realización e tipos.
 - Trino: realización e tipos.
 - Grupeto: realización e tipos.
- ◆ **Normas de escritura musical:**
 - Picas, barrado, silencios, alteracións e puntiños.
- ◆ **A orquestra:**
 - Os instrumentos
 - As voces

RÍTMICOS

- ◆ Práctica, identificación e coñecemento de compases orixinados por dous ou máis pulsos desiguais.
- ◆ Coñecemento e práctica de metros irregulares con estruturas fixas ou variables.

- ◆ Polirritmias e polimetrías.
- ◆ Recoñecemento e práctica de grupos de valoración especial con duracións e posicións métricas varias.
- ◆ Práctica de ritmos simultáneos que supoñen divisións distintas da unidade.
- ◆ Práctica de estruturas rítmicas atípicas en compases convencionais.
- ◆ Práctica de cambios de compás con unidades iguais ou diferentes e aplicación das equivalencias indicadas.
- ◆ Desenvolvemento de hábitos interpretativos a partir do coñecemento e análise dos elementos rítmicos.
- ◆ Improvisación sobre esquemas rítmicos establecidos ou libres.

MELÓDICO-HARMÓNICOS

- ◆ Práctica auditiva e vocal de estruturas tonais enriquecidas na súa linguaxe por flexións ou modulacións, con recoñecemento analítico do proceso.
- ◆ Práctica auditiva e vocal de obras modais nas súas diversas manifestacións históricas e folclóricas.
- ◆ Recoñecemento auditivo e análise de estruturas tonais e formais non complexas.
- ◆ Improvisación sobre esquemas harmónicos e formais establecidos ou libres.
- ◆ Aplicación vocal ou escrita de baixos harmónicos a obras propostas de dificultade adaptada ao nivel.
- ◆ Desenvolvemento de hábitos interpretativos a partir do coñecemento e análise dos elementos melódico-harmónicos.

LECTO- ESCRITURA

- ◆ Práctica de lectura horizontal de notas cos ritmos escritos e indicacións metronómicas diversas.
- ◆ Lecturas de agrupacións verticais de notas.
- ◆ Coñecemento e práctica das normas de escritura melódica e harmónica.
- ◆ Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.
- ◆ Práctica de identificación e escritura de notas no seu rexistro correcto.
- ◆ Coñecemento do ámbito sonoro das claves.
- ◆ Práctica da lectura a primeira vista.

AUDICIÓN

- ◆ Práctica de identificación de elementos rítmicos, melódicos, modulatorios, cadencias, formais, tímbricos e estilísticos nas obras escoitadas.
- ◆ Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.
- ◆ Práctica da memoria: memorización previa á escritura de frases ou fragmentos progresivamente máis amplos.
- ◆ Escritura de temas coñecidos e memorización en diferentes alturas, tonalidades.
- ◆ Realización escrita de ditados a unha e dúas voces.
- ◆ Identificación de acordes.
- ◆ Audición de obras ou fragmentos nos cales se recoñezan elementos estudados.

EXPRESIÓN E ORNAMENTACIÓN

- ◆ Coñecemento e aplicación de signos e termos relativos a dinámica e agónica.
- ◆ Coñecemento e aplicación dos signos que modifican o ataque dos sons.
- ◆ Coñecemento e aplicación de ornamentos adecuándoos á época da obra interpretada

5. Metodoloxía5.1. Modelo metodolóxico

O proxecto está desenvolvido para empregarse como libro de texto para todo o curso escolar. Está distribuído en 10 unidades, 4 para o primeiro trimestre, 3 para o segundo e 3 para o terceiro. En cada unha das UDI aparecen as 4 destrezas a traballar (Teoría, Ritmo, Entoación e Audición) coas explicacións dos contidos, exercicios prácticos, partituras, audios e vídeos. Todas as explicacións veñen con exemplos, tanto escritos como auditivos, e na parte teórica, sempre cun vídeo interactivo. Inclúense actividades variadas de reforzo e ampliación, e sempre se inclúen algunhas máis lúdicas para fomentar a motivación do alumnado.

O proxecto baséase, en liñas xerais, nos procedementos e as directrices das principais metodoloxías do século XX:

- O xogo como maneira de desenvolver a aprendizaxe.
- Audición musical activa como recoñecemento dos elementos musicais.
- Práctica rítmica a través do movemento e a expresión corporal.
- A imitación e a repetición como base do desenvolvemento da memoria musical.

- Práctica vocal a unha ou máis voces a través de melodías e cancións.

A metodoloxía baséase na aprendizaxe significativa, é dicir, partindo do Coñecemento Previo do alumnado (adquirido no grao elemental), e dun concepto elabórase todo o material da unidade e sempre ligada as unidades anterior e posterior, buscando unha aprendizaxe continua baseada na práctica, que favorecerá a asimilación destes contidos.

Os contidos seguen un proceso lóxico, a aprendizaxe vai de menos a máis, en todas as destrezas, aumentando a dificultade progresivamente para unha correcta asimilación. e as obras están ordenadas polos contidos que inclúen, segundo a súa dificultade.

Excepto a unidade 1 con características máis específicas (a modo de Avaliación Inicial e repaso do traballado nos cursos anteriores), as restantes unidades estarán conformadas polos seguintes apartados:

- ◆ **TEORÍA:** presentación dos contidos teóricos a traballar na unidade polo noso narrador,

Argen.

- *Os intervalos (nome do contido):* explicación de cada un dos aspectos que conforman dito contido (cada un deles nunha nova páxina e sempre por orde de dificultade), apoiado por cadros resumo, partituras e audios, e sempre, na última páxina, un **vídeo interactivo** que permita que o alumnado sinta que se atopa na clase seguindo unha explicación, na que se inclúen todos os contidos anteriormente explicados.
- *Exercicios:* todas as actividades teórico-prácticas sobre os contidos traballados (uns interactivos na aplicación empregada, algúns para copiar na libreta e fomentar a práctica da escritura musical, e algúns en formato pdf para a súa copia ou impresión a través do *iDevice Ficheiro Adxunto*).

- ◆ **RITMO:** *Argen* preséntanos os contidos referidos a esta destreza que imos traballar.

- *Deseños rítmicos:* neste apartado aparece explicado o elemento rítmico a traballar nesta unidade, apoiado por audios e partituras, así como cadros resumo, de ser necesario.
 - *Practicamos! :* traballo de patróns rítmicos en pequenos fragmentos que serán a base dos exercicios do seguinte apartado, baseados nos elementos explicados no punto anterior, apoiados por vídeos para realizar con percusión corporal.
- *Lectura rítmica:* nesta primeira parte aparecerá un exemplo de lectura rítmica (o número irá en función dos elementos novos a traballar), cun vídeo para estudar, no

que *Argen* amósanos como se fai o movemento da man e como debemos manter o pulso.

- *Practicamos!*: neste apartado aparecerán as partituras para ler ritmicamente, organizadas por sesións, e cos contidos organizados por dificultade; inclúense sesións dedicadas á lectura de claves diferentes de Sol e Fa, lectura vertical para practicar a lectura de acordes e sesións de repaso nas que aparecen os contidos traballados ata o momento.

◆ **PRÁCTICA VOCAL**: *Argen* preséntanos os contidos referidos a esta destreza:

- *Quecendo motores*: actividade para a promoción da convivencia, baseada nun mapa, onde cada imaxe proporciona información relativa a exercicios de relaxación, respiración, articulación e vocalización, previos a entoación, e que poden facerse en grupo, con audios e partituras.
- *Deseños vocais*: traballo de intervalos, escalas, acordes, etc. a través de diferentes ferramentas, como vídeos, xogos, audicións, gravacións, etc.
- *Entoación*: aquí aparecen as melodías para entoar *a capella*: partituras e audios das escalas e das melodías.
 - *Con acompañamento*: as partitura con acompañamento polifónico, e ademais das partituras aparecen audios da obra completa, e tamén un audio con só o acompañamento, para poder practicar a entoación.
 - *Un pouco de Historia...:* Nas unidades 1, 2 e 4 aparecen melodías clásicas recoñecibles que nos permiten introducir información sobre a historia da música e compositores máis relevantes, con explicacións da vida e da obra, e con enlaces que nos permitan escoitalas a través dunha orquestra.

◆ **PRÁCTICA AUDITIVA**: *Argen* preséntanos os contidos referidos a esta destreza que imos traballar

- *Esquemas auditivos*: traballo de intervalos, escalas, acordes, etc. a través de audios e partituras. Centraremos tamén na práctica da escoita en clave de Fa, xa que é necesaria para o ditado a 2 voces.
 - *Practicamos!*: un exercicio onde poidan comprobar a asimilación do contido traballado no anterior apartado
- *Ditado*: neste apartado aparecen sempre 6 audios cos ditados: 3 a unha voz e 3 a dúas voces. Todos os audios inclúese o proceso completo da escoita dun ditado; dende

a escala e arpejo da tonalidade ata o número de repeticións. As solucións aparecerán no *Solucionario* da Guía Didáctica de cada unidade.

- *Un pouco de Historia...:* Nas unidades 3 e 5 aparecen melodías clásicas recoñecibles que nos permiten introducir información sobre a historia da música e compositores máis relevantes, seguindo o mesmo esquema que no apartado de entoación.

◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** Neste apartado hai exercicios para reforzo ou ampliación (sempre cun pouco máis de dificultade) para o alumnado que o precise.

- *Xogamos!:* nesta sección poden aparecer LIM ou actividades interactivas como Rosco, Trivial ou Sopa de Letras. Son actividades un pouco máis lúdicas que inclúen todos os contidos traballados.

Para un bo desenvolvemento do proxecto, o idóneo sería que o profesor empregara un EDI (encerado dixital interactivo) para facer a exposición e explicación da materia, mentres que o alumnado faría o seguimento no seu ordenador; ao finalizar, traballar nas actividades, ao seu ritmo, consultando no documento tantas veces precise, e mesmo na súa casa.

Se non se dispuxese de computadores para o alumnado, o profesor pode empregar o proxecto como libro de texto, xa que todos os contidos aparecen explicados, e a través do EDI ir amosando as partes teóricas, escoitando os audios requiridos e vendo as partituras. As partituras e os exercicios poden imprimirse, o que facilitaría o estudo.

5.2. Atención a diversidade

O proxecto está pensado para traballar de forma individual e en grupo, segundo a actividade, de maneira que o alumnado con dificultades ou discapacidades estea totalmente integrado no desenvolvemento do mesmo, e en todo momento téñense en conta os **Principios DUA:**

- **Formas de implicación (Principio III):** As actividades interactivas en grupo (os xogos, o LIM) fomentan a comunicación e a colaboración entre o alumnado, ademais de desenvolver habilidades sociais; tamén vai implícito a resolución de problemas xa que a medida que se van facendo as actividades, a propia retroalimentación dos exercicios ou a detección de erros entre eles/as, favorecerá a asimilación da aprendizaxe.
- **Diferentes medios de representación (Principio I):** Ademais das explicacións escritas nas primeiras páxinas, así como as que se imparten na propia clase, o alumnado conta cun Vídeo Interactivo, que lle permitirá volver sobre a explicación tantas veces como o precise, marcando el/a o seu propio proceso de aprendizaxe; a linguaxe

empregada nas explicacións sempre é simple e concisa, apoiada con partituras e audios que faciliten a comprensión.

- **Diferentes formas de acción y expresión** (Principio II): As explicacións sempre van acompañadas de imaxes, partituras, audios e vídeos; cada alumno/a marcará o seu ritmo de aprendizaxe.

Dependendo das necesidades específicas do alumnado:

- ♦ **Dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade:** o carácter eminentemente práctico do proxecto a través das novas tecnoloxías, facilita a aprendizaxe neste grupo de necesidades específicas. Ademais conta cun apartado específico con Actividades de **reforzo**, e os vídeos explicativos como apoio a este alumnado.
- ♦ **Altas capacidades intelectuais:** está contemplado no proxecto este grupo de alumnado ao engadir actividades de **ampliación**.
- ♦ **Incorporación tardía ao sistema educativo:** para acceder a este tipo de ensinanzas é preciso realizar unha proba de acceso, polo que os contidos mínimos esixibles estarían probados no alumnado. No caso de alumnado trasladado, con problemas co idioma, se lle pode suxerir que empregue algún recurso dixital como un tradutor.
- ♦ **Discapacidade físicas ou sensoriais:** a música precisa dunhas capacidades auditivas e vocais mínimas para a súa realización plena; no caso dun alumno/a con cegueira en distintos graos, todo o material poderá ser asimilado auditivamente a través dos audios que están incluídos, tanto nas explicacións como nos exercicios, así como a descrición das imaxes (no caso das partituras do apartado de Lectura rítmica, haberá que recorrer a transcripción de organismos especializados, aínda que estarán complementadas cos audios); tamén conta coa barra de accesibilidade **Batexego**, que permite a tradución a multitude de idiomas, cambiar o tamaño da letra para facilitar a lectura e tamén un botón que le en alto o fragmento seleccionado; no caso de alumnado con discapacidade física, dependendo do grao, poderá ser partícipe da gran maioría das actividades do proxecto.

5.3. Promoción da convivencia

Todos os centros contan cun Plan de Convivencia, documento que establece as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar no centro, garantindo a erradicación de calquera forma de violencia, en especial cara aos menores. Fundaméntase nos principios democráticos de

colaboración e responsabilidade compartida entre todos os membros educativos para crear un clima de convivencia acorde co mundo da Música.

Con este proxecto, desenvolvemos actividades que nos permiten promocionar a convivencia:

- No apartado de Práctica Vocal aparece **Quecendo Motores**, desenvolvendo un dos contidos do currículo (Relaxación, respiración e afinación), onde traballaremos exercicios (aparecen debuxos, partituras e audios como apoio á explicación) que contribúan a que o alumnado se sinta cómodo para a interpretación e así evitamos calquera tipo de burla ou malestar na aula.
- Para contribuír á interculturalidade: practicando melodías de diferentes procedencias xeográficas e da cultura musical (dende unha melodía das grandes obras de compositores como **Chopin** ou **Verdi**) ata a aportación de datos histórico-musicais de cada unha desas melodías e dos seus compositores. Estas melodías aparecen nos apartados de Práctica Vocal (entoacións) e Práctica Auditiva (ditados).
- Para fomentar a igualdade de xénero, poñemos en relevancia o papel da muller dentro da música a través das obras de compositoras como **De la Guerre**
- Algunhas das actividades (como a parte máis lúdica do proxecto- xogos interactivos) poden realizalas as familias ao completo, favorecendo un clima máis participativo.

5.4. Aspectos técnicos

A ferramenta dixital principal empregada para o proxecto é Exe- Learning. Os recursos creados son accesibles en formato Html o Html5. Algunha das actividades de ampliación está feita co educaLIM.

Para a correcta visualización dos contidos necesitarase:

- ◆ Acceso: Conexión á rede para acceso en liña dos contidos ou descargar os arquivos no ordenador.
- ◆ Funcionamento: non necesita instalación
- ◆ Navegadores: versións actualizadas de *Chrome*, *Explorer* ou *Safari*.

6. Avaliación

6.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación están extraídos do *Decreto 203/2007*:

- ◆ Manter o pulso durante períodos de silencio prolongados

- ◆ Identificar e executar estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.
- ◆ Entoar repentizando unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, aplicándolle todas as indicacións de carácter expresivo.
- ◆ Ler internamente, nun tempo breve e sen verificar a súa entoación, un texto musical e reproducilo de memoria
- ◆ Identificar ou entoar todo tipo de intervalo melódico.
- ◆ Identificar intervalos harmónicos e escribilos no seu rexistro correcto.
- ◆ Reproducir modelos melódicos, escalísticos ou acordais en diferentes alturas
- ◆ Improvisación vocal ou instrumental de melodías dentro dunha tonalidade determinada.
- ◆ Identificar e reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados.
- ◆ Recoñecer e escribir fragmentos musicais a dúas voces.
- ◆ Recoñecer auditivamente diferentes timbres instrumentais.
- ◆ Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical escoitado

6.2. Proceso de avaliación

Haberá diferentes tipos de avaliación:

- ◆ **A avaliación do alumnado:** esta realizarase en distintas categorías:
 - **Avaliación inicial:** a *UD 1: Xa estamos de volta!*, céntrase no proceso de repaso do grao elemental, como quecemento para comezar cos novos contidos; aparece un *Test Scorm* que nos servirá como ferramenta de Avaliación Inicial, tanto para o alumnado (para saber que é o que sabe) como para o docente (para saber como organizar os contidos).
 - **Avaliación continua:** farase ao longo de todo o proceso, a través da observación directa do alumnado, a súa resposta ante as actividades, a súa participación e colaboración cos seus compañeiros/as, entre outros.
 - **Avaliación final:** na *UD 10*, aparecerán actividades de repaso do traballado durante o curso, e unha proba en formato de Xogo que nos permitirá coñecer o grao de asimilación dos contidos. Ademais todas as destrezas desta unidade incluírán actividades de repaso de todo o traballado.

En cada UDI, dispórase dunha rúbrica que permita ao profesorado obter unha valoración para cada alumno/a.

◆ **A avaliación do proxecto:**

- por parte do profesorado: para que o profesorado que empregue este recurso dixital poida valoralo en distintos aspectos, dispón dunha rúbrica que poderá enviar ao correo electrónico dos participantes, para poder obter unha valoración estimada do funcionamento do proxecto. Nela valoraranse diferentes aspectos referidos ao proxecto, ao alumnado e as UDI.

(*) Valoración en nº de cada un dos epígrafes.

Moi deficiente (1)	Deficiente (2)	Suficiente (3)	Ben (4)	Excelente (5)	(*)
-----------------------	-------------------	-------------------	------------	------------------	-----

Proxecto

O entorno dixital	Non se axusta a idade nin características do alumnado; non se adapta á materia de Linguaxe Musical.	Non todos os aspectos se axustan á idade e as características do alumnado e da materia.	Algúns aspectos non se adaptan a idade e características do alumnado pero si á materia de Linguaxe Musical.	Se axusta á idade e características do alumnado pero non á materia de Linguaxe Musical.	Ótimo para a idade e características do alumnado, así como para a materia de LM.	
O recurso como parte da práctica docente	Non é un recurso adaptado para a práctica docente.	Se poden empregar só un ou dous epígrafes dentro da aula.	Só se poden empregar como recursos algúns dos epígrafes do proxecto.	Algúns dos recursos son moi bos para o traballo na aula, se dispoña ou non de ordenador por cada alumno/a.	É moi útil como ferramenta na aula tanto para o alumnado como profesorado, se dispoña ou non de ordenador por cada alumno/a.	
A calidade dos recursos empregados	Pésima. Non alcanza o mínimo de calidade.	Regular, con deficiencias claras en moitos aspectos.	Aceptable.	Boa, con posibles melloras.	Excelente, pola riqueza e variedade empregada.	

Alumnado

A motivación	O grao foi nulo.	O grao foi baixo, só nalgúns epígrafes.	O grao foi irregular, con algúns momentos bo e outros máis baixo.	O grao foi bo durante todo o proceso.	O grao foi ótimo e constante durante todo o proceso.	
---------------------	------------------	---	---	---------------------------------------	--	--

A interacción	Non permite o traballo en grupo e a relación entre o alumnado	As actividades en grupo non funcionan pero o ambiente é bo.	Permite a relación entre o alumnado en algunha actividade creando un bo ambiente.	Algunhas das actividades están pensadas para o traballo en grupo e funcionaron correctamente.	Todas as actividades están baseadas no traballo colaborador e isto favoreceu un ambiente óptimo de traballo e respecto entre compañeiros/as
Alumnado con Necesidades educativas especiais	Non se ten en conta a este alumnado en ningún punto, nin contido nin actividade.	Este alumnado conta con moi poucos recursos adaptados no proxecto.	A metade das actividades e contidos poden ser traballadas por este alumnado.	Case todas as actividades e contidos están pensadas para este alumnado.	Todas as actividades e contidos están adaptados a este alumnado.

UDI

Os obxectivos	Non cumpre ningún obxectivo.	Só cumpre algún dos obxectivos.	A metade dos obxectivos aparecen reflectidos .	A maioría dos obxectivos son cumpridos.	Compren todos os obxectivos.
Os contidos	Non traballa ningún dos contidos do curso.	Só algún contido do currículo aparece reflectido.	Só a metade dos contidos son traballados.	A maioría dos contidos aparecen reflectidos.	Trabállanse todos os contidos do currículo.
As competencias clave	Non axudan a desenvolver ningunha das competencias e non aparecen reflectidas.	Algunha das competencias aparecen reflectidas no proxecto pero non as desenvolve.	As competencias están presentes no proxecto e algunha actividade permite desenvolver algunha delas.	Case todas as actividades permiten desenvolver as competencias e aparecen reflectidas.	Desenvolven todas as competencias a través dos contidos e actividades traballadas.
As actividades	-Non compren ningún obxectivo. -Non permiten a práctica dos contidos do curso. -Non permiten avaliar ao alumnado. -Non son variadas. -Non permiten o traballo en grupo. -Non se axustan á idade do alumnado.	-Non compren ningún obxectivo. -Só algúns contidos son traballados. -Non son variadas. -Non permiten o traballo en grupo. -Non se axustan á idade do alumnado.	-Non compren todos os obxectivos. -Non aparecen reflectidos todos os contidos. -Non son variadas. -Non axudan ao traballo en grupo. -Só algunha delas se axustan á idade do alumnado.	-Compren os obxectivos. -Adáptanse aos contidos. -Permiten avaliar ao alumnado. -Son variadas pero con recursos escasos. -Permiten o traballo colaborador. -Se axustan á idade do alumnado.	-Compren todos os obxectivos. -Adáptanse aos contidos. -Permiten avaliar ao alumnado. -Son variadas e ricas en recursos. -Permiten o traballo colaborador. -Se axustan totalmente á idade do alumnado.

A transversalidade	Ningún contido nin actividade relaciónase coas materias de Instrumento e EAV	Só se relacionan un o dous contidos e actividades coas materias de Instrumento/ EAV	Algúns contidos e actividades só teñen relación con EAV	A maioría dos contidos e actividades se relaciónanse cos contidos de EAV e instrumento.	Todos os contidos e actividades teñen relación cos contidos da materia de EAV e co instrumento.
A convivencia	Ningunha actividade fomenta un clima favorecedor na aula	Algunha actividade fomenta un clima bo na aula.	Algunha actividade promove a convivencia entre o alumnado.	Algunha actividade pode favorecer a relación entre as familias.	As actividades promoven un clima óptimo de convivencia, incluíndo ás familias.

- **por parte do alumnado:** consideramos que é moi importante para unha correcta valoración do proxecto que ademais do profesorado que o emprega, o alumnado que o utiliza tamén dea a súa opinión, xa que ao fin, eles/as son os destinatarios. Este formulario pode enviarse do mesmo xeito que o anterior para a valoración final.

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
O entorno dixital	-O programa foi moi complicado de utilizar. -Prefiro estudar Linguaxe Musical sen este programa.	-Gustoume empregar o programa pero ás veces penso que é mellor non usalo. -O programa nalgúns momentos complicóuseme un pouco.	-O programa é doado de usar. -O estudo de Linguaxe Musical deste xeito facilitoume a práctica dalgunhas destrezas como o ditado ou a lectura rítmica.	
A motivación	Todo o que fixen foi moi aburrido e non me gustou	Estivo ben o que fixen pero ás veces non me gustou.	Todo o que realicei foi moi entretido e divertido.	
A interacción cos teus compañeiros/as	Non realicei ningunha actividade en grupo.	Só realicei algunhas das actividades en grupo. As demais foron individualmente.	As actividades en grupo son boas, e a relación cos meus compañeiros foi moi boa.	
As actividades	-Son monótonas. . -Non entendía as explicacións escritas nin o vídeo. - Os ritmos e as entoacións foron moi difíciles. -Os xogos non me gustaron.	-Están ben pero parecéronme pesadas e un pouco complicadas. -As lecturas rítmicas e as entoacións gustáronme. -Algúns xogos foron aburridos.	-Son divertidas e distintas. -É moi útil dispoñer da explicación dos contidos. -Divertínme moito facendo as actividades auditivas e vocais apoiado polos vídeos. -Os xogos foron entretidos e aprendín moito	

A transversalidade	Nada do que traballamos aparece noutras materias do curso	Algunha cousa da que falamos na clase, tamén a traballamos en instrumento.	Todo o que traballamos o empregamos en instrumento e EAV.	
A convivencia	Todas as actividades eran individuais e resulta bastante aburrido.	Algunha actividade a fixen cos compañeiros/as pero nunca puideron incluír á miña familia.	As actividades fixeron que traballara coa miña familia e tamén cos meus compañeiros/as e resultou moi bo e entretido	



a linguaxe de

ARGEN

LINGUAXE MUSICAL 1º GP

UNIDADES DIDÁCTICAS

**IRIA PORTAS
MARCOS PADRÓN**

UD 1 : XA ESTAMOS DE VOLTA!

<p>OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS</p>	<p>a), b), c), d) e) a), b), d), e)</p>
<p>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Afianzar os contidos traballados en cursos anteriores en cada unha das destrezas. • Coñecer o grao de asimilación dos mesmos a través da Avaliación Inicial.
<p>COMPETENCIAS CLAVE</p>	<p>CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.</p>
<p>CONTIDOS</p>	<p>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Intervalos • Tonalidades/Escalas • Acordes <p>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento, identificación e práctica dos compases simples (2/4, 3/4, 4/4) e compostos (6/8, 9/8, 12/8) de unidade de negra, e a un pulso (2/8, 3/8) • Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a fusa e o seu silencio. • Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados. <p>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interpretación vocal de melodías, a unha voz, <i>a capella</i> e con acompañamento, en tonalidades con ata 2 alteracións propias. • Improvisación vocal nas tonalidades traballadas. <p>AUDICIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha voz.
<p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Saber analizar intervalos e as súas inversión. • Identificar as armaduras coas tonalidades e os seus relativos. • Saber identificar e realizar os tipos de escalas maiores e menores. • Identificar e realizar acordes tríadas e as súas inversións. • Identificar os elementos dun compás e saber o seu significado. • Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con fórmulas rítmicas e compases traballados. • Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento • Saber representar graficamente unha melodía escoitada. • Asimilar os contidos traballados na unidade.

Esta primeira unidade está pensada para realizar nas 3 primeiras sesións do curso (podería necesitarse algunha máis segundo o tipo de alumnado).

Esta unidade ten unha organización diferente ás 9 restantes porque a empregaremos como unha ferramenta de repaso e de Avaliación Inicial. Traballaremos cada unha das destrezas, pero con contidos xa coñecidos.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **XA ESTAMOS DE VOLTA!**: **Argen**, o noso protagonista, danos a benvinda ao curso e fai un pequeno resumo do que nos atoparemos. **Argen**, é unha negra animada que xa nos acompañou no anterior curso e seguirá con nós a través destas novas unidades, pero facendo un cambio de vestuario (cor diferente).
- ◆ **TEORÍA**: **Argen** explícanos en que consiste este apartado, baseado nun repaso a través da práctica do traballado no curso anterior e do realizado na Proba de Acceso. Antes de comezar cos exercicios prácticos poderíamos facer unha choiva de ideas sobre os conceptos que imos traballar, para situar ao alumnado: intervalos, tonalidades e escalas; isto permitiralles lembrar conceptos que quizais, despois do período de vacacións teñan esquecidos.
 - **Traballamos coa libreta**: con dous apartados, un para os intervalos e outro para as tonalidades e escalas. O feito de facelo na libreta, é para retomar a escritura de notas, e para facilitar o proceso de asimilación destes contidos quizais esquecidos. Poden imprimirse tamén, se se quere facilitar o proceso. Podemos facer esta actividade en grupos de 2 ou 3 para que entre todos/as refresquen todos os contidos.
 - **Comprobamos o que sabemos?**: é un *Test Scorm* de 40 preguntas, que inclúen conceptos como semitón, intervalo, armaduras, escalas, entre outros (conceptos traballados no Grao Elemental), que nos permitirá coñecer o punto no que se atopa o alumnado en canto a asimilación destes contidos imprescindibles para superar o presente curso. Ao finalizar o Test e enviar as respostas teremos unha puntuación. Este exercicio é recomendable facelo na última sesión, despois de ter traballado un pouco os contidos, para que o alumnado poida enfrontarse sen problemas ao cuestionario, evitando tensións ou medos por non lembrarse de nada.
- ◆ **RITMO**: **Argen** con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.

- **Dejeños rítmicos:** explicación do compás, definición, os seus elementos (numerador e denominador) e os tipos (simples e compostos e a un pulso). Hai que facer fincapé na similitude do compás cunha fracción, desenvolvendo así a Competencia Matemática.
 - **Practicamos!:** Unha vez explicado o concepto rítmico, pasamos a practicar dúas secuencias rítmicas baseadas nos compases anteriormente citados (3/4 e 3/8) que inclúen fórmulas rítmicas xa traballadas no curso anterior. Esta secuencia está apoiada por un vídeo que permite ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Esta secuencia farase con sílabas, con palmas e con percusión corporal para asimilala totalmente (co pé dereito para as brancas; perna para as corcheas; palmas para as semicorcheas; pitos para as negras); o alumnado tamén pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.
- **Lectura rítmica:** fragmentos rítmicos nos compases traballados, organizados en dúas sesións con 5 exercicios cada un en clave de Sol e Fa en 4ª. Cada un deles ten o audio que servirá de axuda no estudo. Poden empregarse para a práctica conxunta ou individual (esta sería mellor para valorar o punto no que se atopa no alumando nesta destreza) e incluso como tarefa para casa.
- ◆ **PRÁCTICA VOCAL:** *Argen* con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza. Debemos preparar ao alumnado para a interpretación vocal, tal e como traballaron no curso anterior, e nas seguintes unidades volveremos a incidir con explicacións precisas cada parte deste proceso. Para esta primeira unidade podemos facer unha serie de preguntas: *Lembrades cales eran as partes do corpo que formaban parte da emisión da voz? Por que parte temos que comezar a quecer para cantar?* Despois faremos unha serie de exercicios que serán unha introdución aos que faremos nas seguintes unidades:
 - **Relaxación:** Estirar o corpo, inspirando profundamente, alzando as mans, e deixando caer o corpo cara adiante, á vez que soltamos o aire. Repetir 3 ou 4 veces. Mover o pescozo en círculos moi lento. Dar fregas na cara movendo a lingua. Imitar o ruído dun avión, pegando os labios con suavidade, movendo o son do agudo ao grave, facendo que os beizos vibren e se quenten.
 - **Respiración:** para cantar, a mellor postura é erguidos, cos pés un pouco separados e os brazos relaxados a cada lado. Para respirar empregaremos a respiración costodiafragmática. Para que os rapaces comproben que están realizando unha

respiración correcta, podemos pedirles que coloquen unha man enriba da barriga, e que ao inspirar profundamente, sintan como a barriga se enche.

- **Vocalización e articulación:** podemos facer exercicios de repeticións de sons pasando por diferentes sons ascendentes e descendentes, coas sílabas na, mu, ña, mi, entre outras.
- **Entoación:** neste apartado inclúense 4 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala e o arpejo da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpejo da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.
 - **Un pouco de Historia...:** A melodía 1 das entoacións, é o tema principal do "Brindis" da ópera **A Traviata**, obra do compositor italiano **Giussepe Verdi**. Aquí incluímos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Brindis, Verdi; Teatro Calderón de Madrid, 1996. Dirección musical: José A. Irastorza.

<https://www.youtube.com/watch?v=1onnR5qj8QE>

Va pensiero, Nabucco. Coro e Orchestra del Teatro dell'Opera di Roma

<https://www.youtube.com/watch?v=MBYmhYxEvUMç>

Marcha Triunfal, Aida. Coro Wiener Staatsoper coa Filarmónica de Viena e Karajan.

<https://www.youtube.com/watch?v=JXMdei-UTfw>

Eih! Paggio! L' onore!, Falsstaff. Houston Grand Opera

<https://www.youtube.com/watch?v=dPWnzTTHPIM>

La donna é mobile, Rigoletto. Luciano Pavarotti, 1981.

<https://www.youtube.com/watch?v=hNus4YSeu6o>

Giuseppe Verdi

https://es.wikipedia.org/wiki/Giuseppe_Verdi

Alejandro Dumas

https://es.wikipedia.org/wiki/Alejandro_Dumas

La dama de las camelias

https://es.wikipedia.org/wiki/La_dama_de_las_camelias

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Aquí aparece 1 partitura con tres audios; unha da melodía e o acompañamento, só do acompañamento e outro só da melodía. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio; o audio da melodía soa emprégase para apoio ou corrección de erros na afinación.
- ◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.
 - **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso, xa que é un elemento imprescindible na práctica auditiva. Nesta unidade faremos un repaso dos ditados a unha voz coas dificultades presentes no Grao Elemental. Hai 3 ditados en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexo e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

Solucionario

Traballamos coa libreta

1. Escribe C (semitón cromático), D (semitón diatónico), U (unísono) ou E (enharmonía):

Two staves of music in treble clef. The first staff contains five intervals: E (E4 to F#4), D (F#4 to G4), E (G4 to A4), D (A4 to B4), and C (B4 to C5). The second staff contains five intervals: U (C5 to C5), E (C5 to D5), E (D5 to E5), C (E5 to F#5), and D (F#5 to G5).

2. Clasifica e inverte os seguintes intervalos:

Three staves of music in treble clef. The first staff shows intervals: 6ª M (E4 to B4), 3ª m (F#4 to A4), 4ª D (G4 to B4), 5ª A (A4 to E5), 8ª A (E4 to E5), a crossed-out interval (E4 to E4), 4ª D (E5 to A5), and 5ª A (A5 to E6). The second staff shows intervals: 2ª M (E4 to F#4), 7ª m (F#4 to D5), 3ª A (E4 to G#4), 6ª D (F#4 to C5), 2ª A (E4 to F#4), 7ª D (E5 to B5), 3ª m (F#5 to A5), and 6ª M (E5 to B5). The third staff shows intervals: 7ª D (E4 to C5), 2ª A (E4 to F#4), 7ª m (F#4 to D5), 2ª M (E4 to F#4), 2ª M (E4 to F#4), 7ª m (F#4 to D5), 3ª M (E4 to G#4), and 6ª m (F#4 to D5).

1. Completa coa armadura, tonalidade ou relativo segundo corresponda:

 Mib M Do m	 Re M Si m
 La M Fa# m	 Solb M Mi b menor
 Sol M Mi menor	 Fa M Re menor

2. Recoñece e escribe as seguintes escalas:

Tonalidade: Si m
Tipo: Dórica

Tonalidade: Mi M
Tipo: 1º tipo ou natural





Tonalidade: Re m
Tipo: Dórica

Tonalidade: Sol Maior
Tipo: 3º tipo ou Mixta-Secundaria

Tonalidade: Do menor
Tipo: Melódica

Comprobamos o que sabemos?

Test SCORM:

1. Que tipo de semitón é? **Enharmónico**
2. Cal destas características é do intervalo? **Harmónico**
3. Este intervalo é: **7ª Diminuída**
4. Que está a soar? **Semitón**
5. Cal é o relativo de Fa m? **Lab Maior**
6. Cando os intervalos están a distancia de 9ª, como os clasificariamos? **Composto**
7. Que alteracións forman a armadura de Fa Maior? 
8. Clasifica este semitón: **Diatónico**
9. Que nos indica o numerador nun compás? **O número de figuras que entran no compás.**
10. Que tipo de alteración é a que aparece marcada en azul? **Accidental**
11. Cal é a calidade do son que nos permite diferenciar os distintos instrumentos? **Timbre**
12. Que tipo de alteración aparece marcada en azul? **Propia**
13. Que distancia hai entre as tonalidades relativas? **3ª menor**
14. Que tipo de escala menor é? **Harmónica**
15. A que fai referencia o seguinte termo: *Giocosso*? **Carácter**
16. Como se chama este signo? **Calderón**
17. Como está formado un acorde Perfecto Maior? **3ª Maior e 5ª Xusta**
18. Que tipo de escala menor é? **Dórica**
19. Cal é a armadura de Sol# m? 
20. Para que se emprega este signo? **Indicar o lugar onde comeza unha repetición**
21. Que tipo de acorde é? **Perfecto menor**
22. Que tipo de escala está a soar? **menor dórica**
23. Que nota precisas para formar un acorde de 4º aumentada descendente? **Mi dobre bemol**
24. Que tipo de intervalo está soando? **5ª aumentada**
25. Que armadura ten Fa# Maior? 
26. Que escala é menor melódica? 
27. Que tipo de acorde está soando? **Perfecto menor**

Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
Saber analizar intervalos e as súas inversións.	Non sabe identificar o número e a especie de calquera intervalo; non sabe realizar a súa inversión.	Sabe identificar o número en todos os intervalos, pero a especie non consegue nos intervalos con alteracións; o mesmo ocorre coa inversión.	Sabe identificar correctamente o número e a especie de todos os intervalos e sabe realizar a súa inversión.	
Identificar as armaduras coas tonalidades e os relativos.	Non sabe identificar as armaduras coas tonalidades correspondentes; tampouco as tonalidades relativas.	Ten claras as armaduras e as tonalidades pero non sabe identificar as tonalidades relativas.	Sabe identificar correctamente as armaduras coas tonalidades e os seus relativos.	
Saber identificar e realizar os tipos de escalas maiores e menores.	Non sabe identificar ningún dos tipos de escalas maiores e menores.	Sabe identificar as escalas menores pero non consegue identificar as maiores. O mesmo na realización.	Sabe identificar e realizar correctamente os distintos tipos de escalas menores e maiores.	
Identificar e realizar acordes tríadas e as súas inversións.	Non sabe identificar nin realizar os acordes tríadas. Tampouco as súas inversións.	Sabe identificar os acordes tríadas, pero non consegue realízalos correctamente; o mesmo coas inversións.	Sabe identificar e realizar correctamente os acordes tríadas coas súas inversións.	
Identificar os elementos dun compás e saber o seu significado.	Non recoñece os elementos do compás nin sabe o seu significado.	Recoñece o numerador e o denominador pero non ten claro o que indica cada un.	Recoñece os elementos do compás e sabe o que significa cada un deles.	
Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos con fórmulas rítmicas e compases traballados.	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e os compases e as fórmulas rítmicas traballadas non as consegue facer correctamente.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; algunhas das fórmulas rítmicas non as executa correctamente.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, nos compases traballados e executa con corrección as fórmulas rítmicas.	
Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
Saber representar graficamente unha melodía escoitada.	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas das notas.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos (Ditado).	
Asimilar os contidos traballados na unidade	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Algúns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	

UD 2: OS INTERVALOS	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	α), b), c), d) e) α), b), d), e)
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> • Indicar as características dun intervalo simple e composto (nº e especie), clasificalo e invertelo. • Identificar auditivamente e entoar os intervalos e as enharmonías. • Ler fragmentos en compases simples e compostos en unidade de branca, con deseños rítmicos ata a fusa. • Ler fragmentos en clave de Do en 3ª e lectura vertical. • Entoar melodías con ou sen acompañamento. • Reproducir graficamente melodías escoitadas (unha e dúas voces).
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Intervalos simples/compostos: Definición e elementos. Clasificación e inversión. • Enharmonías. Alteracións dobres. <p>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento, identificación e práctica dos compases simples e compostos en unidade de branca (2/2, 3/2, 4/2, 6/4, 9/4, 12/4). • Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias • Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados. • Práctica de lecturas rítmicas na clave de Do en 3ª • Práctica de lectura vertical en dous pentagramas. <p>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</p> <ul style="list-style-type: none"> • Respiración, relaxación, articulación e vocalización. • Entoación de intervalos. • Interpretación vocal de melodías a 1 e 2 voces en tonalidades ata 2 alteracións. <p>AUDICIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación auditiva e reprodución escrita de ditados a unha e dúas voces.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Saber formar, analizar, inverter, entoar e recoñecer auditivamente intervalos simples e compostos. • Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos nas compases traballados. • Ler fragmentos sinxelos en Do en 3ª. • Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento • Saber representar graficamente unha melodía escoitada. • Asimilar os contidos traballados na unidade.

A partir desta, todas as UD, teñen a mesma estrutura, con pequenas modificacións.

Esta unidade está pensada para traballar durante 5 sesións, e está formada por contidos que xa foron traballados no Grao Elemental (os intervalos) pero daremos un paso máis e centrarémonos nos intervalos compostos; progresivamente o alumnado irá adquirindo práctica na resolución de intervalos, sen necesidade de escribilos.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **OS INTERVALOS:** *Argen* expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** *Argen* fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso serán os intervalos, que xa coñecen, posto que son contidos mínimos do Grao Elemental e aparecen na Proba de Acceso, pero seguiremos insistindo neles, xa que ao cambiar de etapa (agora xa están na das operacións formais, segundo **Piaget**), xa comezan a comprendelos, e deixan de ser algo abstracto: Por este motivo, pasaremos aos intervalos compostos.
 - **Os intervalos:** definición e características (número e especie); tamén está explicado o proceso de análise empregando a escala de Do. Todo con partituras e audios.
 - **Clasificación:** estes conceptos están presentes dende o 1º curso de G.E., polo que non debería supoñer ningún problema.
 - **Intervalos compostos:** os contidos que nunca antes traballaron.
 - **Inversión:** repasamos a inversión dos simples e aparece a dos compostos; é importante seguir facendo fincapé na importancia deste proceso para gañar axilidade á hora da análise de intervalos.
 - **Enharmonías:** concepto traballado no curso anterior; trátase dun repaso como ferramenta que aparecerá noutros contidos do curso. É importante lembrarilles que é máis sinxelo a través dun teclado, como se explica, aínda que xa deberían poder abstraerse e pensalo sen ese recurso.
 - **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.

- **Exercicios:** *Argen* presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical.
 - **Verdadeiro ou falso?:** baséase en 10 afirmacións sobre o número e a especie dos intervalos simples e compostos; polo que o alumnado terá primeiro que analízalos, podendo empregar a libreta, se fose necesario, pero insistirase en que mellor é sen ela. Ao facelo o propio exercicio explícalle o porque da resposta.
 - **Que sabemos sobre os intervalos e as enharmonías?:** é un exercicio de completa, pero ao pinchar na palabra que hai que cubrir, aparece unha lista despregable coas opcións; aparecen palabras de máis para que sexa un pouco máis completo. Na retroacción está incluído o teclado para que lles resulte máis doado.
 - **Traballamos coa libreta:** este apartado fórmalo dúas páxinas e céntranse na análise e inversión dos intervalos, para a súa práctica escrita. O alumnado, individualmente ou en grupo como se indica, copiarán eses intervalos na libreta e os farán. Pode ser unha tarefa para comezar na clase e rematar na casa para afianzar contidos. Tamén pode imprimirse se se pica nas imaxes.
 - **Xogamos:** unha vez realizados todos os exercicios chegamos a este xogo, que servirá para traballar o mesmo pero de xeito máis lúdico. Ten formato de cartas de memoria, que hai que emparellar: nunha aparece un intervalo e noutra a súa análise. Isto implicará moita axilidade na análise dos intervalos. Podemos facer unha pequena competición na clase.
 - **Ficheiros adxuntos:** neste apartado incluímos intervalos compostos para a súa análise e inversión, e son para imprimir; aparece tamén un audio para mellorar a accesibilidade ao documento. Poden ser empregados como tarefas de casa e son un complemento para seguir traballando.
- ◆ **RITMO:** *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
 - **Dezeños rítmicos:** explicación dos compases simples e compostos en unidade de branca (con e sen puntiño, respectivamente). Seguimos traballando a Competencia Matemática, a través dos elementos do compás-fracción
 - **Practicamos!:** imos practicar secuencias rítmicas baseadas nalgún dos compases explicados ($2/2$ e $6/4$) que inclúen fórmulas rítmicas que atoparemos no apartado de lectura rítmica. Estas secuencias están apoiadas por vídeos que permiten ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con palmas e con percusión

corporal para asimilar totalmente a secuencia rítmica, (co pé dereito para as brancas; perna para as corcheas; Palmas para as semicorcheas; pitos para as negras); o alumnado pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.

- **Lectura rítmica:** dous fragmentos (en 2/2 e 6/4) para ler ritmicamente apoiados por un vídeo no que **Argen** amósanos como temos que medir mantendo o pulso. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.
 - **Practicamos!:** fragmentos rítmicos nos compases traballados, organizados en cinco sesións con 3 ou 6 exercicios cada un. As dúas primeiras sesións son compases simples (2/2, 3/2, 4/2); as seguintes os compostos (6/4, 9/4, 12/4). E a última sería o repaso. Aparece tamén a iniciación da lectura en clave de Do en 3ª, coa explicación previa, e a lectura de notas, que pode incluírse progresivamente nas cinco sesións que conforman a unidade. E por último hai un apartado coa lectura vertical de notas, que seguiremos o mesmo proceso que coa clave: nalgunha das sesións comezaremos a súa práctica. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.

◆ **PRÁCTICA VOCAL:** **Argen** con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.

- **Quecendo motores:** centrámonos no repaso da respiración e a relaxación para a práctica vocal. Baseado nun mapa, cada imaxe lévanos a explicacións referidos a estes aspectos, ademais de incluír exercicios prácticos. Hai que recordarlles que estes exercicios hai que facelos en todas as sesións nas que vaíamos a cantar.
- **Deseños vocais:** a través dun mapa, traballamos a entoación dos intervalos para favorecer a audición e diferenciación dos mesmos, traballo imprescindible para a execución dos ditados.
- **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala e o arpeXio da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpeXio da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.

- **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con tres audios; un da melodía e o acompañamento, outro só do acompañamento e a só voz. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.
- **Un pouco de Historia...:** A melodía 1 das entoacións con acompañamento, é un fragmento extraído da **Sonata nº 2 en Sib** de Élisabeth Jacquet de La Guerre. Trátase dun canon a dúas voces, obra que nos permite iniciar o canto a dúas voces no curso. Aquí incluimos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Sonata nº 2 en Sib, Pegasus Early Music

<https://www.youtube.com/watch?v=WJvFUeyQYZE>

Ópera Céphale et Procris, Ensemble Musica Fiorita

<https://www.youtube.com/watch?v=xsEepShZEPo>

Élisabeth Jacquet de La Guerre

https://es.wikipedia.org/wiki/%C3%89lisabeth_Jacquet_de_La_Guerre

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- ◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** **Argen** con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.
 - **Esquemas auditivos:** como neste curso comezamos os ditados a dúas voces, o primeiro paso é traballar a escoita activa de melodías en clave de Fa en 4ª, melodías fora do rexistro ao que están acostumbrados durante todo o Grao Elemental. Aparecen audios e pasos a seguir para comezar esta práctica. Unha vez que vexamos que está bastante claro pasamos ao exercicio.

- **Practicamos!:** un exercicio de pregunta-reposta con audios de melodías en clave de Fa en 4ª, con graos tonais, e algún fragmento sinxelo con dúas voces. Serviranos como práctica para o seguinte apartado dos ditados.
- **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso. En cada unidade hai 6 ditados (3 a unha voz, 3 a dúas voces) en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexo e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez. O ditado aparece no *Solucionario* da propia Guía Didáctica.
- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** actividades de intervalos compostos para reforzo (intervalos compostos sen alteracións, só notas naturais) e ampliación (intervalos compostos con alteracións), dependendo do alumnado. Son actividades para escribir na libreta (ou imprimirse se se pica na imaxe), e poden ser individuais ou en grupo, e tanto para facer na clase como para casa.
 - **Xogamos!:** inclúe dous apartados; no primeiro aparece un libro interactivo LIM e no segundo unha Sopa de letras (sopa de intervalos) con audios e definicións sobre intervalos, un repaso de todo o traballado na unidade.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

Solucionario

Verdadeiro ou Falso (intervalos)

1. Este intervalo é unha 4ª Xusta. **Falso**
2. Este intervalo é unha 12ª Xusta **Falso**
3. Este intervalo é unha 6ª Diminuída. **Verdadeiro**
4. Este intervalo é unha 12ª Diminuída. **Falso**
5. Este intervalo é unha 4ª Diminuída. **Verdadeiro**
6. Este intervalo é unha 9ª Diminuída. **Falso**
7. Este intervalo é unha 6ª Aumentada. **Verdadeiro**
8. Este intervalo é unha 9ª Dobre Diminuída. **Falso**
9. Este intervalo é unha 12ª Aumentada. **Verdadeiro**
10. Este intervalo é unha 11ª Xusta. **Verdadeiro**

Que sabemos dos intervalos e das enharmonías?

Un intervalo é a distancia entre dúas notas. As súas características son o número e a especie.

A especie pode ser Xusta, Aumentada, Diminuída, Maior, Menor, Dobre Aumentada ou Dobre Diminuída.

O intervalo é unha 4ª Dobre Aumentada.

O intervalo é unha 7ª Maior.

O intervalo é unha 5ª Dobre Aumentada.

O intervalo é unha 7ª Diminuída.

O intervalo é unha 11ª Diminuída.

O intervalo é unha 2ª Maior.

O intervalo é unha 9ª diminuída.

O intervalo é unha 8ª aumentada.

Dúas notas enharmónicas teñen o mesmo son pero diferente nome. Todas as notas teñen dúas notas enharmónicas, excepto Sol# e Lab que só teñen unha.

As notas enharmónicas de Mib son Re# e Fabb . As de LA# son Sib e Dobb.

Traballando coa libreta













The musical score is written on eight staves, each starting with a treble clef and a 4/4 time signature. The notes are mostly quarter and half notes. Handwritten blue annotations are present throughout the score:

- Staff 1:** Annotations include $b\bar{o}$ above the first note, $10^a m$ below the first measure, $b\bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ between measures 2 and 3, $10^a A$ below the third measure, and $b\bar{o} \uparrow 8^{\circ} \uparrow$ above the fourth measure.
- Staff 2:** Annotations include $9^a M$ below the first measure, $\# \bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ between measures 2 and 3, $9^a m$ below the fourth measure, and $b\bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ above the fifth measure.
- Staff 3:** Annotations include $9^a m$ below the first measure, $\# \bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ between measures 2 and 3, $10^a M$ below the fourth measure, and $\# \bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ above the fifth measure.
- Staff 4:** Annotations include $13^a M$ below the first measure, σ above the second measure, $\# \bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ between measures 3 and 4, $12^a DD$ below the fourth measure, and $\# \bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ above the fifth measure.
- Staff 5:** Annotations include $10^a M$ below the first measure, $b\bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ between measures 2 and 3, $11^a A$ below the fourth measure, and $\# \bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ above the fifth measure.
- Staff 6:** Annotations include $13^a m$ below the first measure, $\# \bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ between measures 2 and 3, $9^a M$ below the fourth measure, and $\# \bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ above the fifth measure.
- Staff 7:** Annotations include $11^a D$ below the first measure, $\# \bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ between measures 2 and 3, $10^a D$ below the fourth measure, and $b\bar{o} \downarrow 8^{\circ} \downarrow$ above the fifth measure.

Seguimos coa libreta

The image shows a musical score for guitar in 4/4 time, consisting of eight staves of music. The score includes handwritten annotations in blue ink, such as accidentals, stems, and chord symbols. Printed chord labels are also present below the staves. The staves are numbered 1, 5, 9, 13, 17, 21, and 25. The printed chord labels are: 9^aA, 9^aA, 10^aA, 10^am, 9^aD, 10^aA, 10^aM, 10^aM, 9^am, 12^aA, 9^aA, 10^am, 10^aM, 9^aA, and 9^aA.


Xogamos: Cartas de memoria


<p>Cara anterior</p> 	<p>Cara posterior</p> 	<p>Cara anterior</p> 	<p>Cara posterior</p> 	<p>Cara anterior</p> 	<p>Cara posterior</p> 
<p>Cara anterior</p> 	<p>Cara posterior</p> 	<p>Cara anterior</p> 	<p>Cara posterior</p> 	<p>Cara anterior</p> 	<p>Cara posterior</p> 


Ficheiro adxunto

ANALIZA E INVISTE OS SEGUINTE INTERVALOS COMPOSTOS


Que secuencia está a soar?

1. 


2. 

3. 

4. 

5. 

6. 

7. 

8. 

Ditado

Ditados a 1 voz

1. 

2. 

5. 

3. 

Ditados a 2 voces

1. 

2. 

3.



Reforzo

Sopa de intervalos

- 1.- A característica do intervalo que se define polo tons e semitóns **ESPECIE**
- 2.- A distancia entre dúas notas **INTERVALO**
- 3.- Que especie ten este intervalo? **AUMENTADO**
- 4.- Que número é este intervalo? **DUODÉCIMA**
- 5.- O intervalo cun número maior da 9ª **COMPOSTO**
- 6.- O intervalo que soa á vez **HARMÓNICO**
- 7.- Os intervalos coas notas non correlativas **DISXUNTO**
- 8.- Dúas notas co mesmo son pero distinto nome **ENHARMONÍA**
- 9.- O proceso de cambiar a dirección dun intervalo **INVERTER**
- 10.- O intervalo no que unha das notas leva un sostido **ALTERADO**

Ampliación

The image shows a musical score in 4/4 time, consisting of eight staves of music. Each staff contains handwritten guitar chord diagrams and fret numbers in blue ink. The chords are labeled as follows:

- Staff 1: 10^am, 9^aM
- Staff 2: 12^aD, 12^aDD
- Staff 3: 12^aD, 11^aX
- Staff 4: 13^a m, 14^aM
- Staff 5: 13^aA, 13^aD
- Staff 6: 11^aA, 2^aDA, 7^aDD
- Staff 7: 3^aDD, 6^aDA, 6^aDD, 3^aDA
- Staff 8: 10^aM, 12^aA

Lim

1. Adiviña, adiviñanza: **AUMENTADA**

2. Canto sabes sobre intervalos?

Un intervalo de 2ª M invértese ----- nun intervalo de 7ª m
 O intervalo do3-mib4 -----unha 10ª m
 A característica que indica os tons e semitóns -----chámase especie
 O intervalo re3-fa# é -----unha 10ª A
 Dous sons iguais con diferente nome-----chámase enharmonía
 O intervalo mib3 -fa#4 é -----unha 9ª A

3. Clasifica os intervalos

 <p>11ª Dobre Aumentada</p>	 <p>13ª Aumentada</p>	 <p>9ª menor</p>
 <p>10ª menor</p>	 <p>11ª Aumentada</p>	

Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
Saber formar, analizar, inverter, entoar e recoñecer auditivamente intervalos simples e compostos.	Ten dificultades con todos os aspectos dos intervalos simples e compostos, sobre todo, coa clasificación e identificación dos mesmos, o que lle dificulta entoalos e recoñecelos auditivamente.	Sabe analizar e clasificar un intervalo simple, pero ten algunha dificultade cos compostos. Sabe entoalos pero recoñecelos lle supón máis esforzo.	Sabe formar, analizar e inverter un intervalo simple e composto correctamente. Non ten dificultades para recoñecelos auditivamente e sabe entoalos.	
Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos nos compases traballados.	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e os compases e as fórmulas rítmicas traballadas non as consegue facer correctamente.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; algunhas das fórmulas rítmicas non as executa correctamente.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, nos compases traballados e executa con corrección as fórmulas rítmicas.	
Ler fragmentos sinxelos en Do en 3ª.	Non consegue ler un fragmento na clave de Do en 3ª, nin notas soltas.	Consegue ler notas soltas en Do en 3ª pero á hora dun fragmento non mantén o pulso.	Le fragmentos en Do en 3ª con soltura e precisión, mantendo un pulso constante.	
Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
Saber representar graficamente unha melodía escoitada.	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas; ningunha das dúas voces.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas, sobre todo na voz grave.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos, tanto a 1 como a 2 voces.	
Asimilar os contidos traballados na unidade	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Algúns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	

UD 3: A TONALIDADE	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	<p>α), b), c), d) e)</p> <p>α), b), d), e)</p>
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> • Saber identificar tonalidades e armaduras, e os seus relativos. • Identificar a modulación (flexión) e os seus elementos. • Ler fragmentos en compases a un pulso en unidade de semicorchea, con deseños rítmicos ata a semifusa. • Ler fragmentos en clave de Do en 3ª e lectura vertical. • Entoar melodías con ou sen acompañamento. • Reproducir graficamente melodías escoitadas (unha e dúas voces).
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tonalidades: armaduras e relativos. O círculo de 5ª. Graos tonais e modais. • Modulación e flexión: os seus elementos. <p>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento, identificación e práctica dos compases a un pulso en unidade de semicorchea (2/16, 3/16) • Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a semifusa e o seu silencio. • Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados. • Práctica de lecturas rítmicas na clave de Do en 3ª. • Práctica de lectura vertical en dous pentagramas. <p>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</p> <ul style="list-style-type: none"> • Respiración, relaxación, articulación e vocalización. • Interpretación vocal de melodías a 1 e 2 voces en tonalidades ata 2 alteracións. <p>AUDICIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación auditiva das distintas tonalidades, maiores e menores. • Identificación e reprodución escrita de ditados a unha e dúas voces.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Saber identificar armaduras, tonalidades e relativas. • Identificar as modulacións (flexións) e os elementos. • Ler con soltura e mantendo o pulso nos compases e deseños traballados. • Ler fragmentos sinxelos en Do en 3ª. • Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento • Saber representar graficamente unha melodía escoitada. • Asimilar os contidos traballados na unidade.

Esta unidade está pensada para traballar durante 5 sesións (dependendo do avance do grupo), e está formada por contidos que xa traballados no Grao Elemental (a tonalidade) e outros que, aínda que foron explicados non foron tratados en profundidade debido a dificultade á hora de comprendelos (a modulación); ambos son imprescindibles para seguir coa materia.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **A TONALIDADE:** *Argen* expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** *Argen* fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso será a tonalidade, contidos mínimos do Grao Elemental, pero que ata o momento trátase como un proceso mecánico debido a ideade do alumando; pero como agora comezamos o período de *operacións formais* (segundo **Piaget**) trataremos estes contidos dende un punto de vista diferentes, buscando que o alumnado chegue a identificar as armaduras e as tonalidades dende a comprensión do proceso, e no como un simple recurso de atallos. Como xa temos referencia de en que punto de asimilación do contido se topan, podemos facelos partícipes da explicación.
 - **A tonalidade:** definición de tonalidade e modalidade para centrar ao alumnado na terminoloxía específica. Todo con partituras e audios. Repasamos a entre as tonalidades na pintura e na música para achegar o concepto o alumnado, e intentar que deixe de ser un proceso mecánico.
 - **○ círculo de 5ª:** elemento imprescindible para a explicación de tonalidades; aparecen debuxos do mesmo en dous formatos para facilitar a comprensión. Estivemos empregando este sistema para buscar tonalidades e armaduras; intentaremos que o fagan sen escribir, para interiorizalo.
 - **Un atallo:** lembramos o sistema de busca máis rápido, pero que nos curso anteriores non era de moita utilidade porque o alumnado esquecía con facilidade; neste curso intentaremos que cada alumno/a elixa o seu método, sempre dende a comprensión.
 - **Tonalidades; relativa:** o máis difícil é que saiban realizar correctamente o intervalo de 3ª menor para non ter equívocos nas armaduras.

- **Graos, tonais e modais:** incluímos nesta unidade os graos porque son necesarios para poder introducir a modulación e os acordes da seguinte unidade; todo isto é imprescindible para a análise de fragmentos.
- **Modulación:** explicación deste concepto xunto cos posibles tipos, entre eles a flexión. No seguinte apartado aparecen os elementos necesarios para levala a cabo. E por último, as tonalidades veciñas. Xa son contidos explicados no curso anterior, pero que eran moi difíciles de comprender; neste curso teñen os recursos para que o proceso de asimilación resulte máis sinxelo.
- **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.
- **Exercicios:** *Argen* presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical.
 - **O ciclo de 5ª:** é un exercicio de ordenar, para repasar o ciclo dos sostidos, neste caso.
 - **Verdadeiro ou falso?:** baséase en 10 afirmacións sobre as tonalidades e os relativos; o alumnado non debería de empregar a libreta, intentaremos que o proceso sexa rápido, a través do método elixido por cada un/unha. Ao facelo o propio exercicio explícalle o porque da resposta.
 - **Tonalidades e modulación:** exercicio de pregunta resposta con 3 opcións posibles, baseado na busca de armaduras e relativo e no proceso de modulación; o mesmo que no anterior exercicio, o alumnado terá que ser áxil nas respostas sen precisar libreta para apoiarse. Ao responder tamén recibirán unha explicación.
 - **Un pouco máis sobre tonalidades e modulación:** seguimos insistindo nas armaduras e na modulación cun formato de completa con lista despregable. Ao finalizar poderán comprobar as respostas e saber a puntuación.
 - **Scape room: a onde quere ir Argen?:** este exercicio é un Desafío, no que o alumnado ten que resolver 4 retos para poder resolvelo. A pregunta que teñen que responder baséase en contidos que traballarán nos seguintes apartados. Os retos seguen insistindo nas armaduras e modulación, os contidos traballados, pero dun xeito máis lúdico; pode facer unha pequena competición na aula.

- **Ficheiros adxuntos:** neste apartado inclúense actividades para imprimir (un de armaduras e outro de modulación) que poden ser empregados como tarefas de casa. Son un complemento para seguir traballando.
- ◆ **RITMO:** *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
 - **Deseños rítmicos:** explicación dos compases a un pulso en unidade de semicorchea; hai que facer un pequeno repaso das figuras máis pequenas, fusas e semifusas, xa que este tipo de compases implican o seu uso. Seguimos traballando a Competencia Matemática.
 - **Practicamos!:** imos practicar dous exercicios (2/16, 3/16) que estarán apoiados por vídeos que permiten ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con palmas e cun pouco de percusión corporal para asimilar totalmente a secuencia rítmica (co pé dereito para as corcheas; perna para as semicorcheas; palmas para as fusas; pitos para as semifusas); o alumnado tamén pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.
 - **Lectura rítmica:** dous fragmentos (2/16 e 3/16) para ler ritmicamente apoiados por un vídeo no que *Argen* amósanos como temos que medir. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.
 - **Practicamos!:** fragmentos rítmicos nos compases traballados, organizados en cinco sesións con 3 ou 4 exercicios cada un. As primeiras 3 sesións son para a práctica dos compases traballados (2/16, 3/16, 4/16) e as 2 últimas son repaso de todo o traballado ata o momento. Aparecen outros dous apartados que serán para empregar nalgunha das sesións marcadas: un coa lectura en Do en 3ª, que xa comezamos na anterior unidade, pero nesta centrarémonos nas notas máis graves, por debaixo do Do; e o último apartado é para continuar coa práctica da lectura vertical. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.
- ◆ **PRÁCTICA VOCAL:** *Argen* con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.
 - **Quecendo motores:** centrámonos no repaso da articulación e vocalización para a práctica vocal. Baseado nun mapa, cada imaxe lévanos a explicacións referidos a estes

aspectos, ademais de incluír exercicios prácticos. Hai que recordarlles que estes exercicios hai que facelos en todas as sesións nas que vaiamos a cantar.

- **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas con alteracións accidentais nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpexio da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.
 - **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con tres audios; un da melodía e o acompañamento, outro só do acompañamento e só melodía. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.

◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.

- **Esquemas auditivos:** comezamos a práctica auditiva insistindo na diferenza entre o modo maior e o modo menor, imprescindible para o recoñecemento das tonalidades nos ditados. Aquí aparecen audios e na retroacción as partituras para facilitar o recoñecemento. A formulación é escoitalos varias veces e facer unha pequena proba entre toda a clase con outros exemplos que o docente pode facer no piano. Unha vez que vexamos que está bastante claro pasamos ao exercicio.
 - **Practicamos!:** un exercicio de pregunta resposta, no que o alumnado terá que recoñecer se as escalas ou arpexios que escoita son maiores ou menores e tamén identificar as melodías en clave de Fa en 4ª (para seguir o traballo comezado na anterior unidade e que son base para a realización dos ditados a 2 voces).
- **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso. En cada unidade hai 6 ditados (3 a unha voz, 3 a dúas voces) en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexio e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez. O ditado aparece no *Solucionario* da propia Guía Didáctica.
 - **Un pouco de Historia..:** O ditado 1, a unha voz, o tema inicial do terceiro movemento da obra para violín e piano ***Souvenir d'un lieu cher*** do

compositor ruso **P. I. TCHAIKOVSKI**. Aquí incluimos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra interpretada por unha orquestra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Mélodie (3º mov), Souvenir d'un lieu cher

https://www.youtube.com/watch?v=F73_CQq9NKQ

Danza da Fada do Azucre, Lago dos cisnes, Nina Kaptsova

https://www.youtube.com/watch?v=Wz_f9B4pPtg

O Quebranosces, Ballet Nacional Ruso

<https://www.youtube.com/watch?v=m2M-e4LUUIA>

A bela durminte, Ballet Nacional Ruso

<https://www.youtube.com/watch?v=BR3cVQcoEU>

Oberatura, Romeo e Xulieta, Radio Philharmonic Orchestra

<https://www.youtube.com/watch?v=f6qZUCi7ToQ>

Concerto para violín en ReM op. 35, Julia Fischer

<https://www.youtube.com/watch?v=ovFPKu00cCc>

P. I. Tchaikovski

https://es.wikipedia.org/wiki/Piotr_Ilich_Chaikovski

Nadezhda von Meck

https://es.wikipedia.org/wiki/Nadezhda_von_Meck

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** actividade de armaduras e tonalidades para reforzo e de modulación para a ampliación, dependendo do alumnado. Son actividades para escribir na libreta e poden ser individuais ou en grupo, e tanto para facer na clase como para casa. Se picas na imaxe, tamén se pode imprimir.

- **Xogamos!:** un Rosco das tonalidades e máis, onde se inclúen conceptos traballados nas unidades anteriores e na presente, referidas non só aos contidos teóricos, tamén aos de Historia da Música ou rítmicos; empregamos imaxes e audios como reforzo das cuestións expostas.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

Solucionario


O ciclo de 5ª

FA DO SOL RE LA MI SI

Verdadeiro ou falso

1. Esta armadura corresponde a Re m. **Verdadeiro**
2. O relativo maior de Sib m é Re M. **Falso**
3. Re M ten 2 sostidos como armadura. **Verdadeiro**
4. A tonalidade desta armadura é Fa m. **Falso**
5. Esta armadura corresponde ás tonalidades Sib M e Sol m. **Falso**
6. As tónicas das tonalidades relativas maiores e menores están distancia de 3ª Maior. **Falso**
7. Un bemois na armadura indícanos que estamos en La Maior. **Falso**
8. A armadura colócase despois da clave e do compás. **Falso**
9. Esta armadura é a de Do# m. **Verdadeiro**
10. As tonalidades desta armadura son Solb M e Mi m. **Falso**

Tonalidades e relativos

1. Que tonalidades teñen 2 bemois? **Sib M e sol m**
2. Cal é a tonalidade final deste fragmento? **Sib M**
3. Cal é a armadura de Sol# m? 
4. Cal é a tonalidade inicial desta partitura? **DO M**
5. Que alteracións conforman a armadura de Mi M? **Fa# Do# Sol# Re#**
6. Cal é a relativa de Fa m? **Lab M**
7. Que tonalidades se corresponden con esta armadura? **Solb M e Mib m**
8. Nun fragmento cunha flexión a tonalidade inicial e final é a mesma? **Sí**
9. Neste fragmento, que indica a frecha? **É o acorde ponte ou pivote**
10. A que tonalidade modula este fragmento? **Sol M**

Un pouco máis sobre tonalidades

A tonalidade e a modalidade son as que definen as escalas. A primeira é a relación dos graos dunha escala coa súa tónica, e asegunda a que nos permite diferenciar maior e menor.

Cada escala ten unha armadura, que é o conxunto de alteracións que se colocan entre a clave e o compás e afectan a toda a partitura.

O ciclo de 5ª é o que nos permite saber dita armadura. Para os bemois, SI MI LA RE SOL DO FA, e para os sostidos FA DO SOL RE LA MI SI.

As tonalidades relativas están a distancia de 3ª menor e sempre teñen a mesma armadura. Por exemplo, o relativo de Solb M e Mib m, ou o relativo de sol# m é Si M.

O cambio de tonalidade nunha partitura recibe o nome de modulación.

Cando se fai un achegamento a outra tonalidade pero vólvese a inicial recibe o nome de flexión.

Nunha modulación hai tres elementos: a tonalidade inicial, o acorde pivote ou ponte e a tonalidade final. Este acorde é o que pertence ás dúas tonalidades.

Nesta melodía, no cadro azul flexiona a Sol M, no cadro violeta a Do M e no cadro verde a Fa M.

Sib M ten 2 bemois e son SI MI. Fa# m ten 3 sostidos e son FA DO SOL.

Esta armadura corresponde ás tonalidades de Mi M e Do# m.
Esta armadura corresponde ás tonalidades de Reb M e Sib m.

Scape room: a onde quere ir Argen?

Desafío: Nome do pais----RUSIA

Reto 1: Tonalidade maior con 6 bemois----**Solb M**

Reto 2: A que modula? -----**Re M**

Reto 3: Antes de que a nota DO se chamara así, recibía outro nome. Era chamada así pola época dun monxe, Guido D´Arezzo. -----**UT**

Reto 4: Cal é a súa modalidade? ----- **Maior**

Ficheiros adjuntos


1. Completa coa armadura, tonalidade ou relativo segundo se precise:

	Si M
	Sol# m
	Fa# M
	Re# m
	Solb M
	Mib m

	Lab M
	Fa m
	Re M
	Si m
	Mib M
	Do m

1. Cales son as tonalidades veciñas das seguintes armaduras? (Escribe as armaduras e o nome das tonalidades)


La M



Re M Mi M

Fa# m Si m Do# m

Reb M



Solb M Lab M

Sib m Mib m Fa m

2. Indica as tonalidades das seguintes flexións:



Mi M Do M



La m Mi m

3. Re Maior

4.

5. Mi Maior

6.

7. Sol menor

8.

Ditado

Ditados a 1 voz

1.

2.

3.

Ditados a 2 voces

1.


2.

3.

Reforzo tonalidades

 Mib M Do m	 Lab M Fa m	 Fa Maior Re m
 La M Fa# m	 Re M Si menor	 Sib M Sol menor
 Solb Maior Mib m	 Sol Maior Mi m	 Mi M Do# m

Ampliación modulación



Sol M



Sib M



Fa M


Sol m

Fa M



Fa M

O Rosco das tonalidades e máis



Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
Saber identificar armaduras, tonalidades e relativas.	Ten dificultades con todos os aspectos relacionados coas tonalidades: non sabe as armaduras e tampouco as tonalidades relativas.	Identifica as tonalidades e as armaduras pero ten problemas coas tonalidades relativas. Ás veces ten que escribilo.	Identifica as tonalidades e armaduras sen dificultade e as relaciona sen problema coas tonalidades relativas con axilidade e precisión.	
Identificar as modulacións (flexións) e os elementos.	Non identifica as modulacións nin os seus elementos.	Non sempre identifica as modulacións dun fragmento e ten dificultades para marcar os elementos.	Identifica as modulacións e os elementos que as constitúen.	
Ler con soltura e mantendo o pulso nos compases e deseños traballados.	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso nin executar correctamente os deseños rítmicos traballados.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; ás veces ten dificultades con algún dos compases traballados.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, nos compases e deseños rítmicos traballados.	
Ler fragmentos sinxelos en Do en 3ª.	Non consegue ler un fragmento na clave de Do en 3ª, nin notas soltas.	Consegue ler notas soltas en Do en 3ª pero á hora dun fragmento non mantén o pulso.	Le fragmentos en Do en 3ª con soltura e precisión, mantendo un pulso constante.	
Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
Saber representar graficamente unha melodía escoitada.	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas; ningunha das dúas voces.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas, sobre todo na voz grave.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos, tanto a 1 como a 2 voces.	
Asimilar os contidos traballados na unidade	Non ten asimilado ningún dos contidos traballados na unidade.	Algúns contidos os ten memorizados, pero outros fáltalle asimilalos.	Ten memorizados e asimilados todos os contidos traballados na unidade.	

UD 4: OS ACORDES	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	α), b), c), d) e) α), b), d), e)
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer e saber executar o cifrado harmónico e americano de acordes tríadas e de 7ª Dominante. • Saber identificar as distintas notas estrañas traballadas. • Saber analizar un fragmento nos aspectos harmónicos e melódicos traballados. • Ler fragmentos nos compases traballados ata o momento. • Entoar melodías con ou sen acompañamento. • Reproducir graficamente melodías escoitadas.
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Acordes: tríadas e cuatríadas (7ª Dominante).Cifrado harmónico e americano. • As notas estrañas. • A análise musical. <p>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento, identificación e práctica dos grupos de valoración especial (regulares: cuartina en 3, tercina en 2 e 4, quintina e septina en 1 e 2; e irregulares: dúina) • Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados ata o momento. • Práctica de lecturas rítmicas na clave de Do en 4ª. • Práctica de lectura vertical en dous pentagramas. <p>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</p> <ul style="list-style-type: none"> • Improvisación de secuencias melódicas con notas estrañas. • Interpretación vocal de melodías a 1 e 2 voces en tonalidades ata 3 alteracións. <p>AUDICIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación auditiva dos distintos tipos de acordes (tríadas e 7ª Dominante). • Identificación e reprodución escrita de ditados a unha e dúas voces.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Saber identificar/realizar acordes tríadas/cuatríadas cos cifrados harmónico e americano. Identificar correctamente as distintas notas estrañas. • Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos cos contidos traballados. • Ler fragmentos sinxelos na clave de Do en 4ª. • Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento • Saber representar graficamente unha melodía escoitada a unha ou dúas voces • Asimilar os contidos traballados na unidade.

Esta unidade é unha das máis longas do proxecto en canto ao traballo que ten que facer o alumnado, xa que inclúe conceptos teóricos novos, os cifrados, que necesitan máis práctica, engadindo a súa aplicación á análise. Podemos estendela durante 6-8 sesións, que serán no final do primeiro trimestre e continuaremos á volta das vacacións do Nadal.

Como estamos cerca do período do Nadal, algunhas sesións poden empregarse para a práctica dalgunha panxoliña, que traballaremos seguindo as pautas do explicado na entoación. Intentaremos buscar melodías a dúas voces ou en canon para fomentar a actividade en grupo. Os apartados son os seguintes:

- ◆ **OS ACORDES:** *Argen* expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** *Argen* fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso serán os acordes, que xa coñecen por telos traballado no curso anterior, pero foi un traballo que estivo centrado unicamente na formación dos mesmos. Este curso o traballo fará fincapé nos cifrados, ferramenta indispensable para a materia de Linguaxe así como outras como Harmonía que aparecerán nos cursos posteriores.
 - **O; acorde:** definición de acorde e os tipos. Todo con partituras e audios. É importante acompañar a explicación con máis exemplos ao piano, para que vaian asimilando a súa sonoridade. Dentro deste apartado a veñen explicados os acordes tríadas (os tipos e tamén a inversión) e os cuatríadas (acorde de 7ª Dominante e a súa inversión). Sempre con exemplos e audios, pero é importante complementalo con información directa na clase.
 - **O cifrado:** explicación do cifrado harmónico e americano para as tríadas e as cuatríadas, e as súas inversións. Neste apartado teremos que pasar máis sesións; o que se pretende neste curso é que o alumnado consiga assimilar polo menos o acorde tríada, e comezar coa 7ª Dominante; as cuatríadas serán un apartado a traballar con profundidade no seguinte curso. Igual que no apartado anterior, inclúense audios e exemplos pero é necesario completar na clase.
 - **Notas estrañas:** repasaremos as xa coñecidas (nota de paso, floreo e apoiatura) e explicaremos o retardo, escapada e anticipación; con exemplos e audios para recoñecelas. O alumnado ten que ter claro que a nota estraña é a que non pertence ao acorde, e os límites de influencia de ditos acordes.

- **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.
- **Exercicios:** *Argen* presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical.
 - **Verdadeiro ou falso?:** baséase en afirmacións sobre os acordes; o alumnado quizá necesite a libreta para escribilos e comprobar os intervalos que os forman. Ao responder o propio exercicio explícalle dita afirmación.
 - **Preguntas sobre acordes e os cifrados:** exercicio de pregunta resposta con 3 opcións posibles, baseado nos acordes, incluíndo os cifrados e as inversións; o mesmo que no anterior exercicio, o alumnado poderá precisar da libreta para completalo correctamente; ao responder tamén recibirán unha explicación.
 - **Repasamos!:** seguimos insistindo nos acordes, e engadimos as notas estrañas, cun formato de completa con lista despregable. Ao finalizar poderán comprobar as respostas e saber a puntuación.
 - **Traballamos coa libreta:** este apartado o forman dúas páxinas e céntranse na formación e identificación de acordes a través do cifrado harmónico e americano para a súa práctica escrita o primeiro, e a análise dun fragmento para voz e piano no segundo. Na análise pedirase ao alumnado que o recoñecemento do acorde tamén inclúa o cifrado, ademais das notas estrañas e as posibles flexións. Deste xeito poremos en práctica todo o traballado ata o momento. O alumnado, individualmente ou en grupo como se indica, copiarán os acordes na libreta e os farán ou poden imprimilo picando na imaxe. Pode ser unha tarefa para comezar na clase e rematar na casa para afianzar contidos.
 - **Xogamos!:** unha vez realizados todos os exercicios chegamos a este xogo, que é en formato pregunta- resposta (preguntas cunha resposta a elixir entre 4 posibles) sobre os acordes e as notas estrañas; servirá para traballar o mesmo pero de xeito máis lúdico. Con cada erro o alumnado perderá unha vida (só terá 3); con este sistema faremos que o alumnado teña que repetir algunha das preguntas para poder superar o xogo, e así asimilará algúns conceptos. Podemos facer unha pequena competición na clase.
 - **Ficheiros adxuntos:** neste apartado inclúense actividades para imprimir (acordes con cifrados e análise) que poden ser empregados como tarefas de casa.

Son un complemento para seguir traballando. Seguen o mesmo modelos de exercicios cos traballados ata o momento.

- ◆ **RITMO**: *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
 - **Deseños rítmicos**: explicación dos grupos de valoración especial (excedentes e deficientes) cun cadro resumo para facilitar a comprensión. Seguimos traballando a Competencia Matemática: compás- fracción e os seus elementos.
 - **Practicamos!**: imos practicar dous deseños rítmicos (un en compás simple e outro en compás composto) que inclúen grupos de valoración. Este fragmento está apoiado por un vídeo que permite ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con palmas e con percusión corporal (co pé dereito para as brancas; perna para as corcheas; palmas para as semicorcheas; pitos para as negras); o alumnado tamén pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.
 - **Lectura rítmica**: dous fragmentos (3/4 e 6/8) para ler ritmicamente apoiados por un vídeo no que *Argen* amósanos como temos que medir. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.
 - **Practicamos!**: fragmentos rítmicos cos contidos traballados, organizados en cinco sesións con 3 ou 4 exercicios cada un. As tres primeiras sesións están dedicadas aos grupos de valoración especial; as dúas últimas ao repaso. Aparece tamén a iniciación da lectura en clave de Do en 4ª, coa explicación previa, e a lectura de notas, que pode incluírse progresivamente nas cinco sesións que conforman a unidade. E, por último, hai un apartado coa lectura vertical de notas, que seguiremos o mesmo proceso que coa clave: nalgunha das sesións comezaremos a súa práctica. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.
- ◆ **PRÁCTICA VOCAL**: *Argen* con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.
 - **Quecendo motores**: neste apartado insistimos no visto nas anteriores unidades a modo de mapa. Os exercicios que se presentan son variantes dos xa traballados.

- **Dejeños vocais:** traballamos a entoación e improvisación de pequenas secuencias melódicas empregando as notas estrañas; podemos formulalo como un xogo, no que en grupos de 2 alumnos/as creen estes fragmentos durante 10 minutos e despois os entoamos; pode ser moi interesante para eles ver cantas posibilidades hai.
- **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal, e na que se inclúen cromatismos. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpejo da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.
 - **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con tres audios; un da melodía e o acompañamento, outro só do acompañamento e outro só da voz. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.
 - **Un pouco de Historia...:** A melodía 4 con acompañamento é un dos temas do **Nocturno n° 2, op. 9** de **FRÉDÉRIC CHOPIN**. Aquí incluimos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube onde escoitaremos a obra) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Nocturno en Mib M, n° 2, Op. 9; Pianista: Ewa Maslaczynska

<https://www.youtube.com/watch?v=tgA9OrV2D14>

Vals en La menor

<https://www.youtube.com/watch?v=eN5z1mu6j4M>

Polonesa n° 6 “Heroica” en LabM, Op.53, Pianista: Horacio Lavandera

<https://www.youtube.com/watch?v=BfToAFuLHYk>

Frédéric Chopin

https://es.wikipedia.org/wiki/Fr%C3%A9d%C3%A9ric_Chopin

George Sand

https://es.wikipedia.org/wiki/George_Sand

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- ◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.
 - **Esquemas auditivos:** comezamos a práctica auditiva diferenciando os distintos tipos de acordes. Aparecen audios e as partituras para facilitar o recoñecemento. A formulación é escoitalos varias veces e facer unha pequena proba entre toda a clase con outros exemplos que o docente pode facer no piano. Unha vez que vexamos que está bastante claro pasamos ao exercicio.
 - **Practicamos!:** un exercicio de pregunta-resposta, con 3 opcións posibles; as preguntas son os audios de acordes, onde tamén teñen que intentar identificar as inversións.
 - **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso. En cada unidade hai 6 ditados (3 a unha voz, 3 a dúas voces) en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexio e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez. O ditado aparece no *Solucionario* da propia Guía Didáctica.
- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** o reforzo céntrase na identificación de acordes tríadas coas inversións e os cifrados, mentres que a ampliación o fai en acordes de 7^a de Dominante. Son actividades para escribir na libreta e poden ser individuais ou en grupo, e tanto para facer na clase como para casa. Tamén poden imprimirse ao picar na imaxe.
 - **Xogamos!:** un libro interactivo LIM, con actividades máis lúdicas sobre os contidos da unidade: unha adiviñanza, clasificacións con audios e imaxes, entre outras.
 - **Seguimos xogando:** continuamos cun xogo de pistas; a través de 4 pistas terán que resolver as cuestións presentadas. Ten vidas e puntuacións que variará segundo a cantidade de pistas empregadas para a solución.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

Solucionario

Verdadeiro ou falso?


1. Este acorde é Perfecto Maior. **Verdadeiro**
2. A nota sobre a que se forma o acorde é a nota do baixo. **Falso**
3. A nota fundamental deste acorde é o FA. **Falso**
4. Esta acorde é de 5ª Aumentada. **Falso**
5. Este acorde e cifrado correspóndense. **Verdadeiro**
6. Este acorde é de 5ª Aumentada. **Verdadeiro**
7. Este acorde é o de 7ª Dominante de Fa Maior. **Falso**
8. O cifrado americano emprega só letras, e ás veces números ou signos. **Verdadeiro**
9. O cifrado harmónico para indicar a 2ª inversión da 7ª Dominante é +4. **Falso**
10. O cifrado americano deste acorde é D7/C. **Verdadeiro**

Preguntas sobre acordes e cifrados

1. Que é un acorde cuatríada? **Acorde formado por 4 notas**

2. Cal é este acorde? 


3. A que tonalidade pertence este acorde de 7ª de Dominante? **La Maior**

4. Cal é o acorde? 

5. Cal é o seu cifrado? **Bb/F**


6. Forma o acorde de 7ª Dominante 

7. Que nota precisas para formar un acorde Perfecto menor?



8. Cal é o seu cifrado? **Eaug**

9. Cal é o seu cifrado? **+4**

10. Cal é o acorde? 

+6

Repasamos

Un acorde é un conxunto de notas que soan á vez. Os acordes poden ser tríadas (formados por 3 notas) ou cuatríadas (formado por 4 notas).

Os acordes tríadas están formados por dúas notas a distancia de 3ª e 5ª. Segundo sexan estes intervalos os acordes poden ser:

- Perfecto Maior: coa 3ª Maior e a 5ª Xusta .
- Perfecto menor: coa 3ª menor e a 5ª Xusta .
- 5ª Aumentada: coa 3ª Maior e a 5ª Aumentada .
- 5ª Diminuída: coa 3ª menor e a 5ª Diminuída .

Estes acordes teñen dous investimentos posibles, un por cada nota que os conforman. A nota fundamental é a nota a partir da que formamos o acorde, mentres que a nota do baixo é a nota máis grave.

O acorde de 7ª de Dominante é un acorde cuatríada que se coloca sobre o V grao, Dominante . Está formado por unha 3ª Maior , unha 5ª Xusta e unha 7ª menor .

Hai dous tipos de cifrado: harmónico e americano .

No primeiro empréganse números que fan referencia aos intervalos que forman coa nota do baixo, e o segundo empregan a notación anglosaxoa. Para este acorde o cifrado sería + 4 e G7/F

Para este acorde o cifrado sería e Adim/Eb .

Para este acorde o cifrado Eb/G .

As notas estrañas son as notas que non pertencen ao acorde. Cando unha nota estraña está en parte forte chámase apoiatura ; se está entre dúas notas iguais chámase floreo ; se está entre dúas notas correlativas recibe o nome de nota de paso ; se a nota estraña convértese en nota real no seguinte compás recibe o nome de anticipación ; se a nota real esténdese e no seguinte acorde é unha nota estraña recibe o nome de retardo ; e cando a nota estraña non vai por notas correlativas e non é ningunha das anteriores chámase escapada .

Traballamos coa libreta

1. Escribe o cifrado harmónico e americano deste acordes:

Bb/F Em/G D/A Fm/Ab Aaug/E# Faug/C# B7/F# G7 C7/E

6 6 #6 6 #6 6 +6 7 6
 b4 4 4 4 + + 5

2. Completa as seguintes tríadas, e engade o cifrado americano que lle corresponda:

Em/G Cm/G F#dim/A Gdim E Dbaug/A F

6 b6 #6 5 #3 6 6
 4 b4

3. Forma as cuatrías e indica tamén o cifrado americano:

E7/D C7/G E7 B7/D# A7 F#7/E E7/B

+4 +6 7 #6 7 +4 6
 + 3 + +6

4. Forma os seguintes acordes e indica tamén o seu cifrado harmónico:

F#dis/A C7/Bb F-/Ab Abaug/E G#-/B

#6 +4 6 6 #6
 3 b4 #3

Seguimos coa libreta

The musical score is presented in three systems, each with a vocal line and a piano accompaniment. The key signature is one flat (Bb) and the time signature is 4/4. The vocal line features various ornaments and phrasing marks, including triplets and slurs. The piano accompaniment consists of chords and bass lines. Chord diagrams are provided below the piano part of each system, using Roman numerals and numbers to indicate fingerings. The first system is labeled 'Fa Maior' in green, the second 'Sol menor' in green, and the third 'Fa Maior' in green.

System 1: Chord progression: I, I₆, IV, IV₆, V, V, VI, V, IV, I/IV₆, V₇₊, V.

System 2: Chord progression: I, VI₆, II₆, I₆, I₆, V, V₇₊, VI, V.

System 3: Chord progression: IV, V₊₄, I₆, V₇₊, V, V, I, V₇₊, I.

Xogamos!

1. Que tipo de acorde é? **5ª Aumentada**
2. Que tipo de nota estraña é? **Anticipación**
3. Que acorde está soando? **7ª Dominante**
4. Que tipo de nota estraña é? **Apoiatura**
5. Cal é o cifrado americano deste acorde? **Bdim/F**
6. Que nota estraña é? **Escapada**
7. Que indica ese cifrado? **Acorde tríada en 1ª inversión**
8. O cifrado e o acorde correspóndense. **Non, falta poñer un b4 debaixo do 6**
9. Que acorde está a soar? **5ª Diminuída**
10. Que nota estraña é? **Floreo**

Ficheiro adxunto

1. Escribe o cifrado harmónico e americano dos seguintes acordes:

C7/C# F#dim Cm/G E7 Dbaug F7/Eb A7/G Daug Ab7

6 5 b6 7 +4 +4 #5 7
4 +

2. Forma os seguintes acordes e indica o cifrado americano:

G7/D C7 Fm/C Fdim B7/A Cm/G E7 F#dim F#7/E

+6 7 b6 5 +1 b6 7 +1
4

3. Completa os acordes para que se corresponda co cifrado:

b3 b6 #6 6 b3 b6 #6
4 4 #4 4

4. Forma os acordes e indica o cifrado harmónico:

C-/G Daug/F# Gdim/Db F7/Eb D/A

b6 6 b6 +4 #6
4 #4 4 4

La menor

The musical score is divided into three systems, each with a vocal line and piano accompaniment. The key signature is La menor (one flat).

- System 1 (Measures 1-6):**
 - Measures 1-2: Chords I, IV. Melody: NP, NP, A, F.
 - Measures 3-4: Chords III, V. Melody: F, F.
 - Measures 5-6: Chords V+6, I, II. Melody: NP, NP, F.
- System 2 (Measures 7-12):**
 - Measures 7-8: Chords III, V. Melody: A, NP.
 - Measures 9-10: Chords VI, V6/4. Melody: E, F, F.
 - Measures 11-12: Chords VII, III. Melody: A, F, A, F, NP. Key signature changes to Sol Mayor (no sharps or flats).
- System 3 (Measures 13-16):**
 - Measures 13-14: Chords IV, I. Melody: A, NP.
 - Measures 15-16: Chords V, I, I. Melody: A.

Que tipo de acorde estás a escoitar?

- | | |
|--------------------------|------------------------------|
| 1. 5ª Diminuída | 5. C/G |
| 2. P. Menor 1ª inversión | 6. 5ª Aumentada 2ª inversión |
| 3. 7ª dominante | 7. 5ª Diminuída |
| 4. P. Maior 1ª inversión | 8. 7ª Dominante |

Ditado

Ditados a 1 voz

1. 

2. 

3. 

Ditados a 2 voces

1.

2.

6

3.

Reforzo

1. Pon o cifrado harmónico e americano das seguintes tríadas:

C/E Fm B/D# C#dim/G Edim Caug Ab/C Em/G Bbm/F D#m/F#

6 b3 6 6 5 #5 b6 6 b6 #6
 #3 #4 b4 b4 #4

2. Forma as seguintes tríadas e indica o seu cifrado americano:

C/G Em/B Dm D/F# Fm/Ab Am/E Bdim Am/C Em G

6 6 5 6 6 6 # 6
 4 4 4 4 4 6 6 6 6

Ampliación

1. Escribe o cifrado harmónico e americano deste acordos:

F7 Eb7/D# C7/E G7/F E7/G# B7/F# Eb7 Ab7/Eb D7/F# Db7 Eb7/G

7 +4 6 +4 6 +6 7 +6 6 7 6
 + 7 + 7 + 7 + 7 +

2. Completa as seguintes tríadas, e engade o cifrado americano que lle corresponda:

A7/C# Gb7/F A7 G#7/F# Ab7/Eb Bb7






6 +4 7 +4 +6 7
 3 3 + 3 + 3 3 +

3. Completa os seguintes acordos para que se correspondan co cifrado:

5 b6 5 #6 b6 #3
 4 4 4 4

Xogamos!

1. Relaciona o acorde co cifrado:

				
Em	E7/G#	6 4	6	5b

2. Que tipo de notas estrañas son?

- 1-nota de paso
- 2-escapada
- 3-apoyatura
- 4-floreo
- 5-anticipación
- 6-retardo

3. A que tipo de acorde pertencen estes cifrados?

Tríada		Cuatríada	
b6 4	5	6 5	+ 6
#6 3		7 +	

Seguimos xogando

1. Compositor europeo. **Tchaikovski**
2. Elemento dun compás **Numerador**
3. Un compás **6/4**
4. Nome do movemento dunha obra de Verdi **Va pensiero**
5. Parte do corpo importante para a voz. **Aparato fonador**
6. Compositor do Romanticismo **Verdi**
7. Forma musical **Mazurca**
8. Nome dunha obra moi coñecida. **O Lago dos cisnes**
9. Época da Historia da Música **Barroco**
10. Obra musical **O Quebrances**

Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
Saber identificar e realizar acordes tríadas e cuatrías cos cifrados harmónico e americano.	Ten dificultades con todos os aspectos relacionados cos acordes: non recoñece os distintos tipos e tampouco sabe executalos	Identifica os tipos de acordes pero ten problemas para executar os cifrados harmónico e americano, así como recoñecelos auditivamente.	Identifica todos os tipos de acordes, sabe executalos cos distintos cifrados e non ten problemas para recoñecelos auditivamente.	
Identificar correctamente as distintas notas estrañas.	Non sabe identificar as notas estrañas nunha melodía.	Comprende o que son as notas estrañas pero non sabe identificar os tipos.	Identifica os distintos tipos de notas estrañas e comprende a súa función.	
Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos nos compases traballados.	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e os compases e as fórmulas rítmicas traballadas non as consegue facer correctamente.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; algunhas das fórmulas rítmicas non as executa correctamente.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, nos compases traballados e executa con corrección as fórmulas rítmicas.	
Ler fragmentos sinxelos en Do en 4ª.	Non consegue ler un fragmento na clave de Do en 4ª, nin notas soltas.	Consegue ler notas soltas en Do en 4ª pero á hora dun fragmento non mantén o pulso.	Le fragmentos en Do en 4ª con soltura e precisión, mantendo un pulso constante.	
Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
Saber representar graficamente unha melodía escoitada.	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas; ningunha das dúas voces.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas, sobre todo na voz grave.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos, tanto a 1 como a 2 voces.	

UD 5: A MODALIDADE	
OBXECTIVOS XERAIS /ESPECÍFICOS	<p>α), b), c), d) e)</p> <p>α), b), d), e)</p>
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer e saber executar os distintos tipos de escalas (mixtas, pentatónicas, hexátonas e cromáticas). • Ler fragmentos en compases de amalgama con deseños rítmicos ata a semifusa. • Ler fragmentos en clave de Do en 4ª e lectura vertical. • Entoar melodías con ou sen acompañamento. • Reproducir graficamente melodías escoitadas (unha e dúas voces).
COMPETENCIASCLAVE	CCL, CM, CCIF, CCID, CAA, CSC, CAIP, CCA.
CONTIDOS	<p>FUNDAMENTOS TEÓRICOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tipos de escala: <p>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DO RITMO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento, identificación e práctica de compases de amalgama (5/4, 7/4) • Coñecemento, identificación e práctica de fórmulas rítmicas binarias e ternarias que inclúan ata a semifusa e o seu silencio. • Práctica de lecturas rítmicas nas claves de Sol e Fa en 4ª nos compases e fórmulas rítmicas traballados. • Práctica de lecturas rítmicas na clave de Do en 4ª. <p>FUNDAMENTOS DO TRATAMENTO DA VOZ</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entoación e improvisación dos distintos tipos de escalas traballados. • Interpretación vocal de melodías a 1 e 2 voces en tonalidades ata 4 alteracións. <p>AUDICIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación auditiva dos distintos tipos de escalas traballados. • Identificación e reprodución escrita de ditados a unha e dúas voces.
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Saber identificar cada un dos tipos das escalas heptafónas, pentatónicas, hexátonas e cromáticas. • Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos cos compases de amalgama e os deseños rítmicos traballados nas claves de Sol e Fa en 4ª. • Ler fragmentos na clave de Do en 4ª. • Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con/ sen acompañamento • Saber representar graficamente unha melodía escoitada a unha ou dúas voces • Asimilar os contidos traballados na unidade.

Tendo claras as tonalidades, podemos traballar as escalas; repasaremos as diatónicas e coñeceremos as pentatónicas e as hexátonas.

Os apartados son os seguintes:

- ◆ **A MODALIDADE:** *Argen* expón o que imos traballar en toda unidade a modo de introdución. É importante que o alumnado estea informado en todo momento de que pasos imos seguir e levar unha organización do traballo, o que fomenta o desenvolvemento da Competencia Clave de autonomía persoal.
- ◆ **TEORÍA:** *Argen* fai a presentación dos contidos a traballar, que neste caso será a modalidade, referida as escalas e os seus tipos; as escalas diatónicas mixtas xa foron traballadas no curso anterior, pero incidiremos nelas xa que son esenciais para as materias dos cursos posteriores como a harmonía ou a análise.
 - **As escalas:** definición de escala e repaso dos nomes dos graos.
 - **Tipos de escalas:** aquí aparecen explicados todos os tipos de escala, dividido en escalas diatónicas, pentatónicas, hexátonas e cromáticas, con exemplos e audios.
 - **Vídeo Interactivo:** neste vídeo inclúense todas as explicacións anteriores, a modo de “explicación na clase”, o que pode facilitar a comprensión de moitos dos conceptos; ademais inclúense exercicios directamente relacionados co que acaban de escoitar, recurso que fará que o contido sexa máis asimilado.
 - **Exercicios:** *Argen* presenta o tipo de exercicios que imos realizar, tanto interactivos como empregando a libreta, xa que é necesaria á práctica da escritura musical.
 - **Verdadeiro ou falso?:** baséase en afirmacións sobre os tipos de escala. Ao facelo o propio exercicio explícalle o porque da resposta.
 - **O; tipos de escalas:** exercicio de pregunta resposta con 3 opcións posibles, baseado como o seu nome indica nos contidos da unidade. Ao responder tamén recibirán unha explicación.
 - **Traballamos coa libreta:** un traballo de identificación e formación de escalas que o alumnado terá que facer na libreta ou tamén pode imprimirse se se pica na imaxe; así practicamos a escritura das mesmas e poden facelo individualmente ou en pequenos grupos de 2 ou 3. Pode ser unha tarefa para casa ou para facer en clase.

- **Ficheiros; adxuntos:** neste apartado seguimos traballando na formación e identificación de escalas con un ficheiro para imprimir que pode ser empregado como tarefas de casa. Son un complemento para seguir traballando.
- ◆ **RITMO:** *Argen* con batuta preséntanos o traballo rítmico que imos realizar.
 - **Deseños rítmicos:** explicación dos compases de amalgama (5/4 e 7/4) con partituras e audios. Seguimos traballando a Competencia Matemática, a través do compás-fracción e os seus elementos.
 - **Practicamos!:** imos practicar dous deseños rítmicos (un en 5/4 e outro en 7/4). Estes fragmentos están apoiados por un vídeo que permite ao alumnado seguir a lectura mantendo o pulso e sabendo en cada momento onde se atopa. Estas secuencias poden facerse con sílabas, con palmas e con percusión corporal (co pé dereito para as brancas; perna para as corcheas; palmas para as semicorcheas; pitos para as negras); o alumnado tamén pode propoñer algunha secuencia de percusión corporal.
 - **Lectura rítmica:** dous fragmentos (un polo 5/4 e outro polo 7/4) para ler ritmicamente apoiados por un vídeo no que *Argen* amósanos como temos que medir realizando correctamente o movemento da man. Son exemplos de como teñen que ser todas as lecturas do seguinte apartado.
 - **Practicamos!:** fragmentos rítmicos cos contidos traballados, organizados en catro sesións con 3, 4 ou 5 exercicios cada un. As dúas primeiras sesións están dedicadas aos compases de amalgama; as dúas últimas ao repaso. Continuamos coa lectura en clave de Do en 4ª, centrada esta vez nas notas máis agudas, coa lectura de notas, que pode incluírse progresivamente nas catro sesións que conforman a unidade. A organización está baseada na dificultade dos exercicios indo de menor a maior. Para practicalas podemos empregar unha por sesión, enviando como traballo para casa o estudo da seguinte. Empregarase o metrónomo na medida do posible.
- ◆ **PRÁCTICA VOCAL:** *Argen* con gafas de sol e a boca aberta (a modo de canto) preséntanos a destreza.
 - **Quecendo motores:** neste apartado insistimos no visto nas anteriores unidades. No formato de mapa, incluímos os exercicios que precisamos para comezar a entoación.
 - **Deseños vocais:** cantamos os distintos tipos de escala para favorecer a súa identificación auditivamente (para ver a partitura picade enriba do audio); ao

finalizar a súa práctica podemos propoñer unha improvisación baseada nunha das escalas, que apoiaremos con acordes no piano. Isto fará que o alumnado asimile a sonoridade de cada escala.

- **Entoación:** neste apartado inclúense 6 melodías *a capella*, sempre formadas por unha frase de 8 compases. Son melodías sinxelas nas que buscamos que o alumnado profunde na afinación e correcta interpretación de interválicas no rexistro tonal. Inclúense cromatismos adecuados ao curso nos que nos atopamos. Todas elas van acompañadas de dous audios: un coa escala da tonalidade na que se atopa, e outro coa melodía. O proceso sería: lectura rítmica do fragmento; entoación da escala e arpexio da tonalidade; interpretación da melodía individualmente ou en grupo de 2 ou 3 e finalmente escoita do audio e interpretación conxunta da clase con el.

- **Con acompañamento:** a interpretación con acompañamento é importante no desenvolvemento do oído e memoria musical. Son 4 partituras con tres audios; un da melodía e o acompañamento, outro só do acompañamento e outro só da voz. O procedemento de estudo sería: lectura rítmica, interpretación conxunto co primeiro audio, e despois de forma individual ou en grupos de 2 ou 3 a interpretación co segundo audio.

◆ **PRÁCTICA AUDITIVA:** *Argen* con cascos e gafas de sol preséntanos a destreza.

- **Esquemas auditivos:** comezamos a práctica auditiva diferenciando os distintos tipos de escalas maiores e menores. Aparecen só os audios porque o que buscamos con este exercicio é sentir a sonoridade da escala, non saber que tipo é pola distribución de sons. A formulación é escoitalos varias veces e facer unha pequena proba entre toda a clase con outros exemplos que o docente pode facer no piano. Unha vez que vexamos que está bastante claro pasamos ao exercicio.
 - **Practicamos!:** un exercicio de pregunta con 3 opcións posibles de resposta, en que cada enunciado é un audio dun tipo de escala.
- **Ditado:** O ditado estará presente durante todo o curso. En cada unidade hai 6 ditados (3 a unha voz, 3 a dúas voces) en formato de audio que segue o esquema: ditado completo, escala, arpexio e acordes e a secuencia de repeticións. O alumnado debería escoitalo unha soa vez. O ditado aparece no *Solucionario* da propia Guía Didáctica.
 - **Un pouco de Historia...:** O ditado 2 a unha voz é o tema principal da obra ***Bolero*** de MAURICE RAVEL; incluimos información sobre a obra (con enlaces a vídeos de YouTube, para escoitar as obras ás que se fai referencia) e o compositor (con enlaces á Wikipedia, para completar información).

Bolero, Ravel, Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia

<https://www.youtube.com/watch?v=8KsXPq3nedY>

Pavana para unha infanta difunta, Ravel, Sinfónica de Galicia.

<https://www.youtube.com/watch?v=QpLWi9qTbXY>

Jeux d'eau, Ravel

<https://www.youtube.com/watch?v=jnKFlp7CahY>

Ma mère, l'oye, Ravel, Orquestra Sinfónica RTVE

<https://www.youtube.com/watch?v=RQG-wAXu5v8>

Rapsodia Española, Ravel, DePaul Symphony Orchestra

<https://www.youtube.com/watch?v=SqDD4vjZJfw>

Daphnis et Chloé, Ravel, Sinfónica de Galicia

<https://www.youtube.com/watch?v=SN1slPa54vs>

Maurice Ravel

https://es.wikipedia.org/wiki/Maurice_Ravel

Gabriel Fauré

https://es.wikipedia.org/wiki/Gabriel_Faur%C3%A9

Ricardo Viñes

https://es.wikipedia.org/wiki/Ricardo_Vi%C3%B1es

Claude Debussy

https://es.wikipedia.org/wiki/Claude_Debussy

Erik Satie

https://es.wikipedia.org/wiki/Erik_Satie

Con este apartado preténdese introducir ao alumnado no coñecemento da Historia da Música, así como fomentar a escoita de obras clásicas, moi descoñecidas na franxa de idade que nos ocupa. Ademais introducir unha paréntese destas características nas clases pode motivar ao alumnado de forma moi positiva.

- ◆ **REFORZO/AMPLIACIÓN:** actividade de identificación e formación de escalas; no caso do reforzo imos centrarnos só nas escalas diatónicas maiores e menores coas mixtas, xa que son as que teñen que estar ben asimiladas; na ampliación traballaremos con todos os tipos

de escala. Son actividades para escribir na libreta ou imprimirse (ao picar na imaxe) para facer na clase ou na casa.

- **Xogamos!:** neste apartado aparece o *Musitrivial*, un xogo de mesa que simula o ben coñecido trivial; consta de 4 familias de preguntas: 1. As tonalidades e as escalas, 2. Os acordes, 3. Historia da Música, 4. Os intervalos. Pode ser un xogo individual ou poden participar varios xogadores, no que terán que lanzar o dado e o propio xogo daralle as opcións; as preguntas son de pregunta e 4 posibles respostas, pregunta e resposta dunha palabra e outra de ordenar. Con este exercicio repasaremos todo o traballado ata o momento.
- ◆ **DOCUMENTACIÓN:** neste apartado inclúense documentos de uso para o docente ou a familia (Referencia dos contidos multimedia, Documento técnico en galego e en castelán, Manual de uso e a presente Guía Didáctica).

Solucionario

Verdadeiro ou falso?


1. Esta escala menor é de tons enteiros. **Verdadeiro**
2. Esta escala é mixta secundaria. **Falso**
3. A escala xaponesa é a escala pentatónica Hirajoshi. **Verdadeiro**
4. A sensible está a distancia dun ton da tónica. **Falso**
5. A escala dodecafónica é unha escala cromática. **Verdadeiro**
6. Esta escala é a húngara. **Falso**
7. A escala hispano árabe é unha escala heptáfona maior. **Verdadeiro**
8. A escala de blues é unha escala pentatónica. **Falso**
9. Esta escala é menor melódica. **Falso**
10. A escala pentatónica maior chámase tamén escala china. **Verdadeiro**

Os tipos de escala


1.  Pentatónica Maior

2. Que outro nome recibe o 4º tipo da escala maior? **Mixolidia**


3.  Blues Maior

4. Cal é unha escala mixta principal? 

5.  Hispano árabe

6. Cal é unha escala Hirajoshi? 

7.  Húngara

8. Cal é unha escala Mixta principal? 

9. 

Pentatónica menor

10. Cal é unha escala dórica?



Traballamos coa libreta



Tipo de escala: HIRAJOSHI



Tipo de escala: Mi m DÓRICA



Tipo de escala: TONS ENTEIROS



Tipo de escala: Re M MIXOLIDIA



Tipo de escala: Si m HÚNGARA



Tipo de escala: BLUES MAIOR



Menor melódica



Escala de tons enteiros



Pentatónica maior



Escala de blues maior



Maior Mixta Principal



Hispano árabe

Ficheiros adxuntos



Tipo de escala: Fa M Hispano árabe



Tipo de escala: Pentatónica Maior



Tipo de escala: Re m Harmónica



Tipo de escala: La M Mixta Secundaria



Tipo de escala: Sol M Natural



Tipo de escala: Pentatónica Maior



Tipo de escala: Fa# m Húngara



Tipo de escala: Mi M Natural



Tipo de escala: Tons Enteiros




Tipo de escala: La M Mixta Secundaria



Tipo de escala: Si b M Mixolidia



Menor melódica



Hispano árabe



Menor harmónica



Pentatónica Hirajoshi



Escala de tons enteiros



Menor Melódica

Que tipo de escala estás a escoitar?

1. Harmónica
2. Blues Maior
3. Cromática
4. Dórica
5. Hirajoshi
6. Hispano árabe
7. Pentatónica Maior
8. Húngara
9. Mixolidia
10. Mixta Principal

Ditado

Ditados a 1 voz

1. 

5 

2. 

5 

3. 

5 

Ditados a 2 voces

1. 

2. 

3.

5.

Reforzo

Tipo de escala: Sib M Mixta Principal

Tipo de escala: Mi m Harmónica

Tipo de escala: Fa M Natural

Tipo de escala: Re M Mixta Secundaria

Tipo de escala: La M Mixolidia

Tipo de escala: Do m Harmónica

Menor melódica

Maior Mixta Principal

Menor dórica

Maior Mixolidia

Ampliación



Tipo de escala: PENTATÓNICA MAIOR



Tipo de escala: TONS ENTEIROS



Tipo de escala: Mi M HISPANO ÁRABE



Tipo de escala: Fa m MELÓDICA



Tipo de escala: Sol m MELÓDICA



Tipo de escala: HIRAJOSHI



Escala de tons enteiros



Pentatónica maior



Maior Mixta Principal



Menor dórica



Escala de blues maior



Húngara

Rúbrica: avaliación

	Mal (1)	Suficiente (3)	Excelente (5)	(*)
Saber identificar cada un dos tipos das escalas heptafónas, pentatónicas, hexátonas e cromáticas.	Ten dificultades con todos os aspectos relacionados coas escalas: non as coñece, non as sabe realizar e non as identifica.	Identifica os tipos de escalas maiores e menores (diatónicas mixtas), pero ten dificultades coas pentatónicas, as outras heptafónas e as hexátonas; o mesmo ocorre ao executalas e recoñecelas auditivamente.	Identifica todos os tipos de escala traballadas e sabe realízalas; recoñéceas auditivamente.	
Ler con soltura e mantendo o pulso fragmentos nos compases traballados.	Ten moitas dificultades de lectura nas claves de Sol e Fa en 4ª; non consegue manter o pulso e os compases e as fórmulas rítmicas traballadas non as consegue facer correctamente.	Le con soltura en clave de Sol pero ten dificultades na clave de Fa en 4ª; algunhas das fórmulas rítmicas non as executa correctamente.	Le con soltura nas claves de Sol e Fa en 4ª, mantendo o pulso, nos compases traballados e executa con corrección as fórmulas rítmicas.	
Ler fragmentos sinxelos en Do en 4ª.	Non consegue ler un fragmento na clave de Do en 4ª, nin notas soltas.	Consegue ler notas soltas en Do en 4ª pero á hora dun fragmento non mantén o pulso.	Le fragmentos en Do en 4ª con soltura e precisión, mantendo un pulso constante.	
Entoar con exactitude rítmica e afinación melodías con ou sen acompañamento.	Non consegue entoar melodías con ou sen acompañamento.	Consegue entoar a melodía, mellor con acompañamento, pero con pouca exactitude na afinación.	Entoa con exactitude rítmica e con boa afinación melodías con ou sen acompañamento.	
Saber representar graficamente unha melodía escoitada.	Non sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada, nin o ritmo nin as notas; ningunha das dúas veces.	Identifica o compás e deseños rítmicos pero ten dificultade para representar as alturas, sobre todo na voz grave.	Sabe reproducir por escrito unha melodía escoitada despois do proceso repeticións establecidos, tanto a 1 como a 2 voces.	